


Conservación e Xestión de Humidais en Galicia

Pablo Ramil-Rego
Luis Gómez-Orellana
Javier Ferreiro da Costa
(Editores)



LIFE · TREMEDAL



NATURA 2000

CONSERVACIÓN E XESTIÓN DE HUMIDAIS EN GALICIA

Pablo Ramil-Rego - Luis Gómez-Orellana - Javier Ferreiro da Costa (Eds.)



Lugo 2017

Título: Conservación e Xestión de Humidais en Galicia

Editores: Pablo Ramil-Rego, Luis Gómez-Orellana, Javier Ferreiro da Costa

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Obra Completa: Ramil-Rego, P, Gómez-Orellana, L., Ferreiro da Costa, J: (Eds.) (2017). Conservación e xestión de humidais en Galicia. Horreum-Ibader, Lugo. 167p.

Capítulo concreto: Galán, P. (2017). La situación de los anfibios amenazados de Galicia y su relación con el estado de conservación de los humedales. En: Ramil-Rego, P, Gómez-Orellana, L., Ferreiro da Costa, J: (Eds.) (2017). Conservación e xestión de humidais en Galicia: 49-65. Horreum-Ibader, Lugo.

Esta publicación foi sometida a un proceso de revisión por pares.

Edita: Horreum - IBADER



USC IBADER
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

Copyright: IBADER - Horreum

A totalidade dos textos, gráficos e imaxes publicadas nesta obra están protexidos por copyright. Queda prohibida a reprodución total ou parcial por calquera medio gráfico ou electrónico do contido da obra, sen a autorización escrita dos titulares do copyright.

Diseño: IBADER (GI-TB)

Imprime: EUJOA Artes Gráficas

ISBN: 978-84-939661-4-0

DL: C 1458-2017

Dedicamos este libro ao ilustre botánico e naturalista galego R.P. Baltasar Merino Román, S.J. [Lerma, 1845; Vigo, 1917], no primeiro centenario do seu pasamento.

Lugo, 29/07/2017

Humidal do Alligal de Codesido (Vilalba, Lugo)

En la extensa vega que media entre Villalba y Cabreiros abunaa la Betula verrucosa, Ehrh. (Abedul), en los campos inmediatos á la carretera. Como á una legua de Villalba, ó quizás antes, comienza una serie de praderías naturales, cuyo defecto principal consiste en quedar medio inundadas gran parte del año, convirtiéndose en un inmenso pantano intransitable. En el corto rato que me interné en una de ellas, y nótese que era el mes de julio, sólo podía caminarse por algunas sendas que serpeaban sobre un terreno algo más elevado y firme por entre pozos, charcos, manantiales y riachuelos; el suelo es un verdadero tremedal. Allí vi al Myriophyllum alternifolium, DC.; la rara Sanguisorba offinalis, L., y una Urticularia sin flor, probablemente la U. vulgaris, L., la Nymphaea alba, L., empezaba a abrir sus primeros botones asociada al Menyanthes trifoliata L. (trébol acuático), el Senecio Jacobea, L. y la Veronica scutellata, L., aparecen en crecido número. No me cabe la menor duda de que en aquellas tierras encharcadas han de vivir interesantes plantas acuáticas, las cuales están todavía, y de ello se lamenta Willkomm, muy poco estudiadas en España.

Viajes de Herborización por Galicia, año 1900

R.P. Baltasar Merino Román, S.J.

Limiar

A finais do Século XVIII, Francisco Cónsul Jove i Tineo, erudito e profesor de física, publicaba grazas aos auspicios da Sociedade de Amigos do País da Cidade de Santiago, a súa célebre Memoria sobre el conocimiento de las tierras verdadero, i económico método de cultivarlas adaptado al clima, i circunstancias de Galicia, i Asturias (1786), na que describe a abundancia de humidais nos territorios galegos e asturianos: *“se hallan muchas lagunas, i terrenos cenagosos, sin que jámas se huviesen emprendido en ellos mejoro alguno, o por desidia, o por ignorancia del remedio, son conocidos en Galicia con el nombre de Brañales, i en Asturias con el de humedales, buelgas, i charcas”*. O parágrafo inclúe talvez a cita máis antiga na Península do termo “humidais” para referirse aos distintos ecosistemas acuáticos. Pero o parágrafo tamén nos mostra unha política territorial irracional na que os humidais, como tamén acontecía con outros tipos de hábitats naturais, pasasen a engordar a xenocida lista de terreos abandonos ou terreos mellorables, abríndose todas as portas para a súa degradación e eliminación.

Esta política destrutiva será intensificada en épocas posteriores a través dun aglomerado normativo que propiciase o desecamento e transformación dos humidais, e o referente máis daniño da cal foron as leis promovidas polo Ministro de Fomento, Francisco Cambó; Lei sobre paseos mariños (1918) e Lei sobre desecamento de marismas (1918). A segunda ofrecía concesións vantaxosas e auxilios para acabar cos humidais de máis de cen hectáreas. A relación concesional remataba coa execución das obras saneadoras. A República e o Franquismo mantiveron en vigor ambas as dúas normas, así como a promoción e actuacións que supoñían a destrución de todo tipo de humidais. Durante esta longa etapa, producírase a alteración, cando non a perda de grandes superficies de humedales en Galicia. As accións máis dramáticas evócannos o desecamento da Lagoa de Antela e a de Cospeito, pero a elas habería que unir a doma e canalización das canles do Miño e Sil, así como todo un elenco de pequenos humidais, que a pesar da súa menor extensión eran pezas clave para a conservación da paisaxe e da biodiversidade de Galicia.

O 18 de xaneiro de 1971 asinábase na cidade de Ramsar (Irán) a Convención Relativa aos Humidais de Importancia internacional especialmente como Hábitat de Aves Acuáticas, coñecida en forma abreviada como Convenio de Ramsar, entrando en vigor o 21 de decembro de 1975. España, non se adheriu á Convención ata o ano 1982, mantendo vixente a deostada Lei sobre desecamento de Marismas ata o ano 1985. A protección efectiva dos humidais virá da man da DC 92/43/CEE e a creación da Rede Natura 2000. No novo marco ambiental os diversos tipos de humidais da clasificación Ramsar aparecen designados como hábitats de interese comunitario ou mesmo como acontece con distintos ecosistemas de turbeiras, queirogais e bosques húmidos como hábitats prioritarios. O primeiro inventario de Humidais de Galicia (2003), engloba máis de 1.100 humidais, cunha superficie de máis de 70.000 ha, da que case un 65% está incluído dentro da Rede Natura 2000.

Vinte e cinco anos despois da creación da Rede Natura 2000, a situación dos humidais de Galicia segue sendo preocupante. O número de espazos declarados como humidais importancia internacional queda reducido a 5 espazos, aos que probablemente se una un sexto, o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. A porcentaxe resulta moi inferior en relación con outras Comunidades Autónomas, con outros territorios da Unión Europea.

A maiores os humedais galegos, independente da súa inclusión ou non nunha figura de espazo natural protexido, seguen a rexistrar importantes afeccións (rozas, sangrados, plantacións de eucaliptos, expansión de especies exóticas, contaminación difusa, uso de munición con chumbo, actividades de ocio e recreo insostibles, etc), na maioría dos casos contrarios ás normas de xestión que rexen estes espazos.

O proxecto LIFE+ Tremedal (*Inland wetlands of Northern Iberian Peninsula: management and restoration of mires and wet environments*, LIFE11 NAT/ES/000707) quere contribuír á protección dos humedais de Galicia, dando a coñecer distintos aspectos sobre a súa biodiversidade, así como problemáticas sobre a súa conservación, xestión e aproveitamento, contando para iso coa participación de distintos especialistas nos campos da ecoloxía, a botánica e a zooloxía dos humedais. A análise aquí formulada deberá servir como revulsivo á sociedade e especialmente aos xestores territoriais na necesidade de abandonar as vellas políticas irracionais de explotación do territorio, promovendo un cambio de paradigma na súa xestión acorde cos obxectivos establecidos no Convenio da Diversidade Biolóxica e nos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.

No país dos mil ríos e os mil humedais

Os Editores.



Socios:

Arabako Foru Aldundia
Gestión Ambiental de Navarra
Grupo Tragsa
Hazi
IBADER (Universidade de Santiago de Compostela)
Parque Nacional Picos de Europa
Universidad de Oviedo

Colaboradores:

Deputación de Lugo
Eusko Jauriaritza
Gipuzkoako Foru Aldundia
Gobierno del Principado de Asturias
Jardín Botánico Atlántico
Junta de Castilla y León
Nafarroa Gobernua
Ur Agentzia
Xunta de Galicia

Índice

Humidais de Galicia: Inventario e valoración ambiental no periodo 2001-2016 Pablo Ramil-Rego; Javier Ferreiro da Costa; Luis Gómez-Orellana; Manuel A. Rodríguez Guitián	9
Diversidad edáfica en diferentes hábitats turbosos de la serra do Xistral Rodrigo Rodríguez Granjel; Raquel Juan Ovejero; María Jesús Iglesias Briones	31
La situación de los anfibios amenazados de Galicia y su relación con el estado de conservación de los humedales Pedro Galán	49
Biodiversidad acuática continental de Galicia (NW España) Fernando Cobo	67
Abundancia de aves invernantes en ríos de Galicia Yaiza Iglesias; Natalia Rebolo-Ifrán; María Vidal; Jesús Domínguez	81
Importancia dos bosques na conservación dos humidais Adolfo Cordero Rivera	91
Actuacións de restauración ambiental desenvolvidas por SGHN no complexo húmido Limia-Antela (Ourense, NW España) Serafín González; SGHN-Sección Antela	101
Los bosques higrófilos en la fachada ibero atlántica: diversidad y conservación en la transición hacia la aridez Patricia María Rodríguez González	111
Perdas e alteración da biodiversidade nos humidais de Galicia Pablo Ramil-Rego; Javier Ferreiro da Costa; Manuel A. Rodríguez Guitián; Hugo López Castro; Luis Gómez-Orellana	127

Pablo Ramil-Rego; Javier Ferreiro da Costa; Luis Gómez-Orellana & Manuel A. Rodríguez Guitián

1 GI 1934-TB (Territorio, Biodiversidade), Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), Universidade de Santiago de Compostela, Campus de Lugo s/n, Lugo E-27002, Spain.
e-mail: ramil.rego@usc.es

Humidais de Galicia: Inventario e valoración ambiental no periodo 2001-2016

Resumo Galicia alberga un importante número e superficie de humidais, moi superior ao rexistrado noutros territorios da Península Ibérica. Os máis de 12 anos transcorridos dende a finalización do primeiro Inventario dos Humidais de Galicia (2001-2003), permite analizar as modificacións que experimentaron estes tanto en relación co seu estatus xurídico, coas disposicións legais para a súa protección, así como testar a eficiencia das medidas de xestión a través do seu estado de conservación. O resultado desta análise pon en evidencia que os humidais galegos sufriron durante o período 2001-2016 unha forte perda de biodiversidade, que afectou especialmente aos medios lagunares, aos bosques húmidos, ás turbeiras e aos queirogais húmidos.

Palabras clave humidais, Galicia, inventario, biodiversidade, valoración.

Abstract Galicia has a remarkable number and surface of wetlands, extremely higher than other areas of the Iberian Peninsula. More than 12 years have elapsed since the end of the first Galician Wetlands Inventory (2001-2003), to analyze the changes that have experienced these both in relation to their legal status, to legal provisions for their protection, as well as testing the efficiency management measures through their conservation status. The result of this analysis shows that Galician wetlands suffered a strong loss of biodiversity during 2001-2016 period, which especially affected to lagoons, humid forests, peat bogs and wet heaths.

Key words wetlands, Galicia, inventory, biodiversity, testing.

Introdución

O cambio de paradigma na valoración social dos humidais, como compoñentes clave da biodiversidade e doadores de servizos ecosistémicos, motivou que dende as derradeiras décadas do século XX comezasen a implementarse diversos mecanismos, instrumentos e acordos para a súa conservación. O exemplo máis relevante resultou a sinatura dun Convenio Internacional no ano 1971 na cidade iraniana de Ramsar, para a conservación dos humidais de importancia internacional como hábitats de aves acuáticas (Convención de Ramsar ou Convenio de Ramsar), o que

converte aos humidais no único grande ecosistema obxecto dun convenio internacional destinado a promover a súa protección e seu uso racional (Ramsar, 2006).

A sinatura do Convenio de Ramsar serviría como pulo para o desenvolvemento de novas iniciativas tanto dende unha perspectiva internacional, como logo a nivel nacional, rexional ou local. Neste sentido se postulaba a Unión Internacional para a Conservación da Natureza, que consideraba de vital importancia a conservación dos humidais, xa que contribúen á conservación da diversidade biolóxica e o patrimonio cultural, ademais de posuír un importante papel para os seres humanos no tocante á

recarga de acuíferos, amortecemento de enchentes e outros procesos derivados das fluctuacións climáticas, así como de aportar importantes servizos de provisión xa que son unha importante fonte de recursos directamente explotables. A partir da firma do Convenio de Ramsar, os humidais comezarían a integrarse no marco xurídico de diferentes países. En 1990, tras 15 anos de entrada en vigor

do Convenio de Ramsar, celébrase en Montreux (Suíza), a IV Conferencia das Partes Contratantes (COP4) do Convenio de Ramsar que reúne a 56 de 59 países signatarios do convenio, aprobándose a designación de 53 novos humidais de Importancia Internacional, que sumados aos declarados desde 1974, alcanzan as 533 designacións (Figura 1).




Figura 1- Distribución dos Humidais de Importancia Internacional en Europa. Fuente Ramsar.

En 1992 celébrase en Río de Janeiro, a Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento (CNUMAD). No Cumio da Terra aprobáronse 5 documentos de gran relevancia que marcarán a política ambiental nas seguintes décadas: Declaración de Río sobre o medio ambiente e o desenvolvemento, que fixa o concepto de desenvolvemento sustentable. A Axenda 21, que enumera 2.500 recomendacións relativas á aplicación dos principios da declaración. A Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, que conduciu á firma en 1997 do Protocolo de Kyoto (1997). A Declaración de principios sobre os bosques. E finalmente o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB).

A Unión Europea tivo un papel relevante no Cumio da Terra de Río, e paralelamente promoveu novas normativas de

carácter ambiental. Así a Directiva Aves (Directiva 79/409/CEE), destinada á conservación das aves silvestres, foi complementada coa promulgación da Directiva Hábitats (DC 92/43/CEE), relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, a través da cal se crea e xestiona a Rede Natura 2000. Posteriormente, o 29/05/1995 a Comisión Europea aprobou unha “Comunicación ao Parlamento Europeo e ao Consello sobre o uso prudente e conservación dos humidais (XI/721/94)”, onde asumía que os humidais representan un dos hábitats máis importantes, máis ameazados e máis comúns en todos os países da Unión Europea. A protección e conservación dos humidais no marco da Unión Europea quedará completada a través dunha terceira normativa, a Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE).

En España, as novas orientacións da política ambiental en materia de humidais plasmábanse na promulgación da Lei 4/1989, de 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres (BOE 74, 28/03/1989), que no seu artigo 25 contemplaba a creación dun Inventario Nacional de Zonas Húmidas, cuxa elaboración correspondía ás Comunidades Autónomas. O marco establecido pola Lei 4/1989 sería continuado pola Estratexia Española para a Conservación e o uso Sostible da Diversidade Biolóxica (MMA 1998), froito do desenvolvemento do Convenio sobre Diversidade Biolóxica (Río de Janeiro en 1992), que establecía a finais do século XX o marco xeral da política española de conservación. A aplicación desta Estratexia plantexábase mediante o desenvolvemento de Plans de Acción Sectoriais, que no marco dos ecosistemas acuáticos conduciu á elaboración do Plan Estratéxico Español para a Conservación e o Uso Racional dos Humidais (MMA 1999). Este plan inspirábase no Primeiro Plan Estratéxico do Convenio de Ramsar 1997-2002 (Ramsar, 1996), así como nos postulados da IUCN, contribuíndo ao cumprimento por tanto cos compromisos internacionais adquiridos polo Estado español.

Sen embargo, o avance do Inventario Nacional de Zonas Húmidas plantexado na Lei 4/1989 seguirá un lento desenvolvemento, establecéndose a súa regulamentación 15 anos despois, mediante o Real Decreto 435/2004, de 12 de marzo (BOE 73, 25/03/2004). Finalmente, a Lei 42/2007 ven a recoñecer dentro do marco legislativo español aos Humidais do Convenio de Ramsar como Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais, ademais de establecer normas adicionais de protección para os humidais presentes no territorio español, fundamentalmente aqueles incluídos dentro dalgunha das figuras de protección establecidas na Lei.

Pola súa banda, Galicia comezaría a dar os primeiros pasos en materia de protección de humidais tamén a partires do ano 1989, mediante a inclusión dalgúns complexos húmidos de relevancia (Corrubedo, Ortigueira) dentro dos primeiros Espazos Naturais en Réxime de Protección Xeral (ENRPX), figura regulada polo Decreto 82/1989, de 11 de maio (DOG 104, 01/06/1989), e que máis tarde sería empregada para a inclusión dos espazos Rede Natura 2000 designados en Galicia. No caso de Corrubedo, tamén a declaración do ENRPX levaba en 1992 á aprobación do primeiro Parque Natural de Galicia declarado polo Goberno autonómico. Con todo, o marco galego de protección en materia de protección dos humidais daría un importante paso coa promulgación da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza (DOG 171, 04/09/2001), xa que na mesma se incluían un total de 9 figuras de Espazos Naturais Protexidos, entre as que se contaba coa figura específica dos Humidais Protexidos. A creación dunha figura de espazo natural protexido

específica para a protección e conservación dos humidais sentaba un exemplo sen comparación dentro do marco xurídico español.

Os cambios normativos realizados en Galicia desde finais dos oitenta irán acompañados de distintas actuacións relativa á caracterización e seguimento das aves acuáticas. Estes traballos intensificaranse na década seguinte incorporando unha visión máis global dos humidais e dos seus compoñentes, así como a formulación dos primeiros proxectos de restauración ecolóxica de humidais (Ramil-Rego & Dominguez Conde, 2006), que evidencian un notable cambio de rumbo fronte ás políticas destrutivas sobre os humidais, desenvolvidas no franquismo e continuadas durante as primeiras etapas da democracia.

O Inventario dos Humidais de Galicia (IHG)

Dende a Comunidade Autónoma de Galicia comezou a desenvolverse unha importante labor orientada á protección legal e o uso racional dos humidais. Por un lado, foise incluíndo un grande número de humidais dentro da proposta galega da Rede Natura 2000, que entre os anos 1997 e 2004 configuraba case a totalidade da súa delimitación actual. Por outra banda, estableceuse un novo réxime de conservación e xestión dos humidais, ao introducir na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza a categoría de “Humidais Protexidos” dentro das figuras de espazos naturais protexidos. Esta figura reserveuse para aqueles humidais que cumprisen unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais, e que fosen declarados como tales.

Derivado das anteriores novidades en canto ao marco xurídico e de protección dos humidais en Galicia, considerouse preciso realizar un inventario dos mesmos a nivel autonómico, que permitise identificar a súa representatividade territorial, o seu estado de conservación, así como o papel que xogaban na conservación da biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas. Deste xeito, emanando dos obxectivos e directrices das estratexias internacionais e estatais, así como do panorama legislativo autonómico, estableceuse o ámbito de actuación do primeiro Inventario dos Humidais de Galicia (Ramil-Rego et al. 2003), o cal foi realizado ao amparo dun convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela ao longo dos anos 2001 e 2003, cuxos aspectos científico-técnicos foron recollidos posteriormente no Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia (DOG 122, 25/06/2008).

Características xerais do Inventario

No Inventario de Humidais de Galicia (IHG) incluíronse aqueles sistemas naturais, seminaturais ou artificiais que poidan ser adscritos a algún dos tipos establecidos na clasificación de humidais de Ramsar e cuxo interese ambiental poida ser corroborado con calquera dos sistemas homologados internacionalmente (Convenio de Ramsar, Directiva Aves, Directiva Hábitat, IUCN) para a caracterización da biodiversidade a nivel dos seus compoñentes bióticos e das ecofuncións que estes realizan no sistema. Para a determinación do interese ambiental no Inventario de Humidais de Galicia (Ramil-Rego et al. 2003) priorizouse a riqueza e estado de conservación dos Hábitats tipificados no Anexo I da Directiva 92/43/CEE. Nun segundo nivel, considerouse a existencia de poboacións de especies tipificadas na propia Directiva Hábitat ou na Directiva Aves, así como noutros catálogos oficiais (Convenio de Berna, CITES, Catálogo Nacional de Especies Ameazadas) ou elaborados por organismos non gobernamentais de recoñecido prestixio internacional (IUCN). O interese ambiental dun humidal foi complementado finalmente coa valoración das funcións (recarga ou descarga de acuíferos, retención de nutrientes, control de avenidas, etc.) que poden desempeñar os humidais e, finalmente, polo seu interese no ámbito científico, paisaxístico, educativo, turístico, etc.

A área mínima de inventariación estableceuse para todos os tipos de humidais en torno ás 2 ha, valor que, para o caso das turbeiras, supón un lixeiro incremento fronte ás 0,5 ha de área mínima formulada no inventario nacional. O valor mínimo de 0,5 ha responde en boa medida á necesidade de poder incluír no inventario nacional as pequenas superficies de turbeiras que, de forma puntual, se atopan distribuídas nos territorios máis xéricos da rexión bioxeográfica Mediterránea, mentres que nos territorios Atlánticos os diversos tipos de turbeiras tenden a constituír superficies de maior entidade.

A limitación de escala derivada das fotografías aéreas e as escenas de satélite empregadas, obrigaron a establecer un protocolo no momento de delimitar os diversos tipos de humidais sobre a cartografía dixital. Deste modo, os humidais de extensión igual ou inferior a 2 ha que aparecen incluídos no Inventario de Humidais de Galicia se rexistran mediante a súa posición. Os humidais de máis de 2 ha de superficie aparecen delimitados sobre as ortoimaxes establecendo o seu límite como a envolvente que engloba o perímetro externo dos hábitats característicos dos diversos tipos de humidais. Esta envolvente pode, polo tanto, incluír partes máis ou menos extensas de tipos de hábitats non característicos de humidais pero que manteñen unha relación espacial e dinámica con estes.

Fontes de información

A identificación dos humidais de Galicia realizouse incorporando datos procedente de fontes bibliográficas, fotointerpretación e prospeccións no campo, integrando a información obtida nun Sistema de Información Xeográfica. A información previa ao Inventario de Humidais de Galicia (Ramil-Rego et al. 2003) redúcese en boa medida ao “Estudio de las zonas húmedas de la España peninsular: Inventario y Tipificación” realizado polo equipo de Carlos Montes para a Dirección Xeneral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas e Transportes (DGOH, 1991) e do traballo “Criterios botánicos para la valoración de las lagunas y humedales españoles (Península Ibérica y las Islas Baleares)” coordinado por Santos Cirujano para o ICONA (Cirujano et al. 1992).

O traballo encargado pola Dirección Xeneral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas e Transportes incluírá un total de 40 humidais dentro do territorio galego, mentres que o documento encargado polo ICONA soamente contemplará un total de 30 humidais. A pesares de que ambos os dous traballos inclúen un conxunto pouco significativo da riqueza e diversidade dos humidais galegos, a súa contribución resulta meritoria ao ser a primeira proposta técnica de inventariación que se realiza en Galicia.

Posteriormente dende a Universidade de Santiago realízanse distintos traballos de investigación destinados á caracterización ecolóxica dos humidais galegos (Ramil-Rego et al. 1996a,b,c; Izco & Ramil-Rego, 2001). Estes traballos serán a base para a execución do Inventario de Humidais de Galicia desenvolvido entre 2001-2003, no que xunto a unha importante prospección sobre o terreo, se integrarán e validarán os datos obtidos en distintas fontes bibliográficas, cartográficas, así como as derivadas do proceso de interpretación de imaxes de satélite e ortofotografías aéreas. Deste xeito, os traballos de identificación e caracterización levados a cabo no Inventario de Humidais de Galicia (Ramil-Rego et al. 2002, 2003) superaron de maneira significativa os datos das obras precedentes (DGOH, 1991, Cirujano et al. 1992).

Tipoloxías do IHG

O tipoloxía do Inventario dos Humidais de Galicia (IHG) integra criterios da Clasificación de Humidais Ramsar establecidos na Recomendación IV.7 aprobada pola COP4 Montreux-1990 e modificados pola Resolución VI.5 aprobada pola COP6 Brisbane-1996 (Ramsar, 2006), e os criterios da clasificación Eunis-Habitat (Davies & Moss, 2002, 2004), así como as categorías do Plan Estratégico Español para a Conservación e o Uso Racional dos Humidais (MMA 1999). Fixando para algunhas categorías (medios lagunares) delimitacións estandarizadas para a caracterización das distintas unidades (lagos, lagoas, charcas, charcos). A tipoloxía de humidais mostra deste

xeito unha fácil correspondencia coa empregada pola Comisión Europea para a designación dos tipos de hábitats de interese comunitario presentes no Anexo I da DC 92/43/CEE.

Diagnose e inventariación

Como consecuencia dos traballos de inventariación e identificación, o Inventario de Humidais de Galicia (IHG) inclúe un total de 1.131 humidais repartidos de forma

maioritaria entre os sectores litorais, as depresións sedimentarias interiores e as áreas de montaña sublitorais e centrais. O resto do territorio galego e en concreto as áreas montañosas orientais e meridionais presentan unha menor proporción de ecosistemas húmidos, os cales adoitan estar confinados en áreas con características morfolóxicas favorables ao mantemento das achegas hídricas estacionais (Figura 2, Táboas 1, 2, 3, 4 e 5). En total abranguen máis de 70.600 ha, o que supón o 2,4% do territorio continental galego (Ramil-Rego et al. 2003).




Figura 2- Distribución xeográfica e tipoloxía dos humidais incluídos Inventario dos Humidais de Galicia. O símbolo representa o centroide do humidal. Reelaborado a partir de Ramil Rego et al. (2003).

Inventario dos Humidais de Galicia				
Provincia	Número		Superficie	
	n	%	Ha	%
A Coruña	336	29,7 %	22.215,2 ha	46,8 %
Lugo	341	30,0 %	30.705,8 ha	60,6 %
Ourense	218	19,3 %	9.663,6 ha	19,1 %
Pontevedra	236	20,9 %	8.088,7 ha	15,9 %
Galicia	1.131		70.673,3 ha	

Táboa 1- Distribución provincial de humidais incluídos no Inventario dos Humidais de Galicia. Tomado de Ramil Rego et al. (2003).

Inventario dos Humidais de Galicia				
Grandes tipos de humidais				
	n	% n	ha	% ha
Humidais mariños e costeiros	153	13,3%	20.268,2 ha	28,7%
Humidais continentais	659	54,4%	34.442,7 ha	48,8%
Humidais subterráneos	7	0,6%	0,6 ha	<0,1%
Humidais artificiais	312	27,6%	15.965,8 ha	22,7%
Total	1.131		70.677,3 ha	

Táboa 2- Distribución dos humidais segundo a clasificación establecida no Inventario dos Humidais de Galicia. Tomado de Ramil Rego et al. (2003).

IHG	R	Grupos e tipos de humidais	nº	%n	Superfici	%ha
1.	--	Humidais mariños e costeiros				
1.1.	--	Augas mariñas afastadas da costa				
1.1.1	A	Augas mariñas superficiais permanentes	◆			
1.1.2	B	Leitos mariños submareais	◆			
1.2.	--	Augas mariñas próximas á costa				
1.2.1	B	Augas mariñas superficiais permanentes	13	1,1%	4.831,7	6,8%
1.2.2	D	Costas mariñas rochosas	◆			
1.2.3	E	Sistemas areentos costeiros	15	1,3%	182,6 ha	0,3%
1.2.4	G	Bancos mareais de lama ou area	7	0,6%	2.129,5	3,0%
1.2.5	H	Marismas e esteiros mareáis	5	0,4%	598,3 ha	0,8%
		Subtotal	40	3,4%	7.742,1	10,9%
1.3.	--	Esteiros e sistemas fluvio-mariños				
1.3.1	F	Esteiros	28	2,5%	8.871,8	12,6%
1.3.2	G	Bancos mareais de lama ou área	7	0,6%	426,1 ha	0,6%
1.3.3	H	Marismas e esteiros mareáis	36	3,2%	1.966,5	2,8%
		Subtotal	71	6,3%	11.264,4	16,0%
1.4.	--	Lagoa costeira e sist. lagoa-barreira				
1.4.1	D	Costas mariños rochosos	◆			
1.4.2	E	Sistemas areentos costeiros	6	0,5%	96,1 ha	0,1%
1.4.3	J	Medios lacustres salobres/salgados	14	1,2%	1.031,0	1,5%
1.4.4	K	Lagoas costeiras de auga doce	22	1,9%	134,6 ha	0,2%
		Subtotal	42	3,6%	1.261,7	1,8%
		Total Humidais mariños-costeiros	153	13,3%	20.268,2	28,7%
		Total Humidais de Galicia	1.131	100%	70.677,3	100%

Táboa 3- Distribución de humidais do grupo Humidais mariños e costeiros no Inventario dos Humidais de Galicia (Ramil-Rego et ao. 2003). [IHG] Codificación do Inventario de Humidais de Galicia. [R] Codificación da clasificación de Ramsar. [n]: número de humidais por tipo; [%n]: Porcentaxe por tipos respecto ao número total de humidais. [Superficie]: superficie (ha) por cada tipo de humidal; [%ha]: Porcentaxe en relación á superficie total de humidais. [◆] Tipo con escasa presenza no territorio galego non individualizado nun tipo concreto, polo que aparece asimilado a outra categoría.

IHG	R	Grupos e tipos de humidais	nº	%n	Superficie	%ha
2.	--	Humidais continentais				
2.1.	--	Ecosistemas de augas correntes				
2.1.0	M	Tramos naturais de cursos permanentes	◆			
2.1.1	M	Sistema de illas terrixenas	36	3,2%	489,3 ha	0,7%
2.1.2	M	Cordóns de illas árbore	3	0,3%	6,6 ha	<0,1%
2.1.3	M	Meandros desconectados temporalmente.	9	0,8%	68,2 ha	0,1%
2.1.4	M	Fervenzas e pozos.	21	1,9%	1,9 ha	<0,1%
2.1.5	N	Tramos naturais de cursos intermitentes	◆			
2.1.6	Y	Mananciais de auga doce	◆			
		Subtotal	69	6,2%	566,0 ha	0,8%
2.2.	--	Ecosistemas lacustres continentais				
2.2.1	O	Lagos permanentes de auga doce	2	0,2%	84,1 ha	0,1%
2.2.2	Tp	Lagoas (superficie 8 -1 ha)	14	1,2%	63,4 ha	0,1%
2.2.3	Ts	Charcas (< 1ha)	17	1,5%	22,0 ha	<0,1%
2.2.4	Ts	Lagoas ou charcas temporais	40	3,5%	271,8 ha	0,4%
2.2.5	Ts	Charcas e charcos estacionais (pluviais)	3	0,3%	9,3 ha	<0,1%
		Subtotal	76	6,7%	450,6 ha	0,6%
2.3	--	Turbeiras non arborizadas				
2.3.1	U	Turbeiras de cobertor	2	0,2%	6.121,3 ha	8,7%
2.3.2	U	Turbeiras altas	162	14,3	4.869,2 ha	6,9%
2.3.3	U	Turbeiras baixas (fen)	◆			
		Subtotal	164	14,5	10.990,5 ha	15,6%
2.4	--	Pantanos con vexetación arbustiva				
2.4.1	W	Breixeiros húmidas	54	4,8%	5974,6 ha	8,5%
2.4.2	W	Matogueiras húmidas	1	0,1%	39,4 ha	0,1%
		Subtotal	55	4,9%	6.014,0 ha	8,6%
2.5.	--	Bosques, Turbeiras arborizadas				
2.5.1	Xp	Bosques de inundación	◆			
2.5.2	Xp	Bosques lamacentos	◆			
2.5.3	Xp	Bosques freatófilos	◆			
2.5.4	Xp	Turbeiras arborizadas (Turberias arbóeras)	◆			
2.6.	--	Ecosistemas higrófilos				
2.6.1	Xf	Ecosistemas higrófilos de montaña				
2.6.1.1	Xf	Humidais alpinos/de montaña	◆			
2.6.2	Xf	Ecosistemas higrófilos no orófilos				
2.6.2.1	Xf	Humidais boscosos de auga doce	65	5,7%	2.410,2 ha	3,4%
2.6.2.2	W	Pantanos/esteiros con vexetación arbustiva	43	3,8%	12.050,7 ha	17,1%
2.6.2.3	Tp	Pantanos/esteiros permanentes	1	0,1%	7,8 ha	<0,1%
2.6.2.4	Ts	Pantanos/esteiros estacionais	186	16,5	1.951,6 ha	2,8%
		Subtotal	295	26,1	16.420,3 ha	23,3%
		Total Humidais continentais	659	58,4	34.441,4ha	48,8%
		Total Humidais de Galicia	1.131	100%	70.677,3 ha	100%

Táboa 4- Distribución de humidais continentais no Inventario dos Humidais de Galicia (Ramil-Rego et ao. 2003). [IHG] Codificación do Inventario de Humidais de Galicia. [R] Codificación da clasificación de Ramsar. [n]: número de humidais por tipo; [%n]: Porcentaxe por tipos respecto ao número total de humidais. [Superficie]: superficie (ha) por cada tipo de humidal; [%ha]: Porcentaxe en relación á superficie total de humidais. [◆] Tipo con escasa presenza no territorio galego non individualizado nun tipo concreto, polo que aparece asimilado a outra categoría.

Comparando os datos obtidos no Inventario de Humidais de Galicia (Ramil-Rego et ao. 2003), coa información dispoñible no resto das Comunidades Autónomas para o mesmo período de inventariación (2001-2003), Galicia sería a Comunidade Autónoma con maior número (Figura 3), e probablemente maior superficie de humidais, posuíndo máis do 26% dos humidais españois.

Dentro do territorio galego, a nivel provincial (Táboa 1) destaca claramente a provincia de Lugo, non tanto polo número de humidais inventariados (30%), senón pola superficie abranguida polos mesmos (superior ás 30.000 ha), xa que a provincia nororiental galega inclúe o 60,6% do territorio cartografado. Na provincia de A Coruña o número de humidais ascende a un total de 336 (o 29,7% do total), e

tamén a superficie abranguida é moi elevada (máis de 22.000 ha) co 46,8% da superficie total, aínda que significativamente inferior á rexistrada en Lugo. As provincias de Pontevedra e Ourense albergan un menor número de humidais, 236 e 218 respectivamente (aproximadamente unha quinta parte do total en cada unha delas), e en ambas as dúas provincias a superficie ocupada polos humidais é inferior a 10.000 ha (o 19% do total en Ourense, e case o 16% en Pontevedra).

Seguindo os grandes tipos de humidais establecidos no Inventario dos Humidais de Galicia (Táboa 2), a maioría dos medios inventariados corresponden ao grupo de “humidais continentais” con un total de 659 humidais (o 54,4% do total) seguido polos “humidais artificiais” con 312 humidais (o 27,6%) e os “mariños-costeiros” con 153 humidais (o 13,3%), mentres mentres que o número de “humidais subterráneos” quedaría representado por 7 humidais (Táboa 2).




Figura 3- Número de humidais identificados en cada Comunidade Autónoma. O cómputo realizouse no período 2001-2003 coincidente coa elaboración do Inventario de Humidais de Galicia.

IHG	R	Grupos e tipos de humidais	nº	%n	Superficie	%ha
3.	--	Humidais subterráneos				
3.1	--	Humidais subterráneos mariños				
3.1.1	Zka	Sistemas hídricos subterráneos mariños	1	0,1%	0,1 ha	<0,1%
3.2		Humidais subterráneos continentais				
3.2.1	Zkb	Sistemas hídricos continentais	6	0,5%	0,5 ha	<0,1%
3.3		Humidais subterráneos artificiais				
3.3.1	Zkc	Sistemas hídricos artificiais	◆			
Total Humidais subterráneos			7	0,6%	0,6 ha	<0,1%
Total Humidais de Galicia			1.131	100%	70.677,3 ha	100%
			nº	n%	Superficie	%ha
4.	--	Humidais artificiais				
4.1		Estanques e instalacións de acuicultura				
4.1.1	1	Estanques de acuicultura	3	0,3%	7,6 ha	<0,1%
4.2.		Estanques agrícolas, forestais, recreativos.				
4.2.1	2	Estanques artificiais	11	1,0%	37,5 ha	0,1%
4.2.2	4	Terras agrícolas estacionalmente anegadas	◆			
4.3		Cultivos en medios palustres				
4.3.1	3	Regadíos	◆			
4.4		Salinas				
4.4.1	5	Salinas	◆			
4.5		Grandes encoros de auga				
4.5.1	6	Áreas de almacenamento de auga (>8 ha)	67	5,9%	15.315,5 ha	21,7%
4.6		Canles				
4.6.1	9	Canles de drenaxe, gabias	1	0,1%	68,5 ha	0,1%
4.7		Estanques de orixe mineira.				
4.7.1	7	Escavacións abandonadas	230	20,3%	536,7 ha	0,8%
Total Humidais artificiais			312	27,6%	15.965,8 ha	22,7%
Total Humidais de Galicia			1.131	100%	70.677,3 ha	100%

Táboa 5- Distribución de humidais continentais no Inventario dos Humidais de Galicia (Ramil-Rego et ao. 2003). [IHG] Codificación do Inventario de Humidais de Galicia. [R] Codificación da clasificación de Ramsar. [n]: número de humidais por tipo; [%n]: Porcentaxe por tipos respecto ao número total de humidais. [Superficie]: superficie (ha) por cada tipo de humidal; [%ha]: Porcentaxe en relación á superficie total de humidais. [◆] Tipo con escasa presenza no territorio galego non individualizado nun tipo concreto, polo que aparece asimilado a outra categoría.

O litoral da provincia de A Coruña concentra, en consonancia coa súa maior lonxitude, o maior número de humidaes mariños e costeiros, seguida de Pontevedra e finalmente Lugo. O litoral lucense, marcado pola presenza da Rasa Cantábrica e a escasa lonxitude dos ríos Cantábricos, non é tendente á formación de humidaes estuarinos, sendo estes reducidos, salvo o caso da Ría de Ribadeo. En Pontevedra e A Coruña é posible identificar unha boa representación de tipos de humidaes mariños e costeiros. Do medio centenar de lagoas costeiras presentes en Galicia, A Coruña alberga a maior parte, sendo as de maior superficie Valdoviño, Doniños, Louro e Vixán. En Pontevedra establécense importantes sistemas mariños e estuarinos, en torno ás Rías Baixas, como o Esteiro do Umia e do Ulla, aos que habería que unir o extenso esteiro do Miño, marcando a fronteira con Portugal. Na Galicia interior, as cuncas sedimentarias e os fondos dos grandes vales atlánticos albergan unha importante representación de humidaes turfófilos, higrófilos, fluviais e lacustres. Entre as grandes cuncas sedimentarias a Terra Chá destaca pola diversidade e naturalidade dos seus ecosistemas. A chaira de inundación configurada en torno ás canles principais do Miño inclúe unha das mellores representacións da rexión bioxeográfica Atlántica de Bosques aluviais, mesturados con lagoas, herbazais e matogueiras húmidas. A grandiosidade dos bosques de ameneiro e bidueiro contrasta co ambiente íntimo que transcende das pequenas charcas temporais que salpican o territorio, e que dan acubillo a importantes poboacións de hidrófitos catalogados a nivel internacional como especies raras e en perigo.

A montaña galega inclúe igualmente un número importante de humidaes. Así, a provincia de Lugo cunha menor proporción de humidaes costeiros e mariños adquire,

debido á súa grande diversidade de montañas, unha superficie de humidaes equiparables á das provincias de A Coruña e Pontevedra. Nas áreas montañosas a maior superficie de humidaes concéntrase nas turbeiras e nos queirogais húmidos. Pola contra son moi reducidas, aínda que numerosas, as lagoas situadas nas áreas montañosas. A maioría orixináronse en cubetas de orixe glaciar, como é o caso da Lagoa de Lucenza ou as numerosas charcas e lagoas de orixe glaciar existentes os cumios de Trevinca.

Estatus de protección ambiental

O Inventario de Humidaes de Galicia evidenciaba un importante desfase entre as normativas ambientais de carácter xeral que recoñecían a importancia dos humidaes e establecían un estatus de protección non específico para as zonas húmidas e os seus compoñentes, fronte ao escaso número de humidaes ou compoñentes dos mesmos aos que se lles outorgara unha categoría específica de protección, ben derivado da aplicación dunha figura concreta de área protexida, ou pola inclusión dunha especie nos catálogos ou listados de especies protexidas e/ou ameazadas.

Os datos do Inventario resultan bastante relevantes. Dos 1131 humidaes de Galicia, soamente 5 deles (Táboa 6), posuían unha figura específica de área protexida, vinculada coa súa declaración como humidal Ramsar. A adhesión de España ao Convenio de Ramsar producírase no ano 1982 (Instrumento de Adhesión de 18 de marzo, BOE 199, 20/08/1982), e nese mesmo xa se inscribían na Lista os primeiros Humidaes de Importancia Internacional españois: Doñana e Daimiel, que serían seguidos pola Laguna de Fuente de Piedra. Pero non sería ata o ano 1989 cando se declararían os primeiros Humidaes de Importancia Internacional en Galicia, incluídos na decisión do Consello

Humidaes de Importancia Internacional (Convenio de Ramsar)				
Espazo	Provincia	Superficie	Ano	Actualización
Ría de Ortigueira e Ladrado	A Coruña	2.920 ha	1989	2.920 ha
Complexo intermareal do Grove-Umia	Pontevedra	2.561 ha	1989	2.600,58 ha
Complexo Dunar de Corrubedo, Carregal e Vixán	A Coruña	550 ha	1992	983,8 ha
Lagoa e Areal de Valdoviño	A Coruña	255 ha	1992	485,23 ha
Ría do Eo	Lugo	614 ha	1994	614 ha

Táboa 6- Superficies e datas de declaración dos Humidaes de Importancia Internacional declarados en Galicia, e actualizacións posteriores do seu ámbito territorial de protección.

Area	Incluídos na Rede Natura 2000			Excluídos da Rede Natura 2000		
	nº	Superficie	%	nº	Superficie	%
A Coruña	95	10.595,9 ha	15,0%	241	11.619,3 ha	16,4%
Lugo	133	24.327,1 ha	34,4%	208	6.378,7 ha	9,0%
Ourense	84	5.362,5 ha	7,6%	134	4.301,1 ha	6,1%
Pontevedra	68	4.985,2 ha	7,1%	168	3.103,5 ha	4,4%
Galicia	380	45.270,8 ha	64,1%	751	25.406,5 ha	35,9%

Táboa 7- Distribución de humidaes a nivel provincial en relación á súa inclusión na proposta de Rede Natura 2000 de Galicia do ano 2003. [nº] número de humidaes [ha] superficie [%ha] porcentaxe respecto ao total da superficie inventariados (tomado de Ramil-Rego et al. 2003).

de Ministros de 28 de xullo de 1989 (BOE 110, 08/05/1990) na que se designaban 17 humidais, dous deles galegos: Ría de Ortigueira e Ladrado (2.920 ha) e Complexo intermareal do Grove-Umia, A Lanzada, Lagoa Bodeira e Punta Carreirón (2.561 ha). Posteriormente, o Consello de Ministros de 21 de febreiro de 1992 (Resolución de 15 de marzo de 1993, BOE 73, 26/03/1993), designará a dous novos humidais galegos: Lagoa e Areal de Valdoviño (255 ha) e Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo (550 ha). En 1994, inscríbese na lista de Humidais de Importancia Internacional a Ría do Eo (Acordo do Consello de Ministros de 15 de xullo de 1994. Resolución do 4 de novembro de 1994, BOE 273, 15/11/1994), cuxa superficie (1.740 ha) se atopa dividida entre Asturias (1.126 ha) e Galicia (614 ha).

Por contra, ningún dos humidais inventariados fora designado coa categoría de Humidal Protexido, en vigor dende a Lei 9/2001, xa que a primeira declaración baixo esta figura non se producirá ata o ano 2004 coa publicación do Decreto 110/2004. A vinculación dos humidais galegos con figuras de espazos naturais quedaba, con todo, reforzada coa creación da Rede Natura 2000 (DC 92/43/CEE, Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. BOE 310, 28/12/1995; Real Decreto 1193/1998, do 12 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. BOE 151, 25/06/1998), xa que dentro da mesma chegaba a incluírse unha proporción significativa dos humidais inventariados en Galicia (Táboa 7). En consecuencia, a normativa europea (DC 79/409/CEE, DC 92/43/CEE) suplía a deficiencia das disposicións legais estatais e autonómicas, e a escasa motivación dos autoridades para impulsar a súa protección e conservación.

Situación dos humidais galegos no período 2001-2016

A elaboración do Inventario de Humidais de Galicia (Ramil-Rego et al., 2003), outorgaba á administración unha ferramenta fundamental para asegurar a conservación e ou uso sustentable dos humidais, acorde cos criterios e obrigacións emanados dos Convenios Internacionais, e a lexislación europea, estatal e autonómica.

Desenvolvemento do réxime xurídico

A Lei 9/2001, do 27 de agosto de Conservación da Natureza (DOG 171, 04/09/2001), establecía para a Comunidade Autónoma de Galicia un novo marco de protección e conservación da natureza, incluíndo 9 figuras de protección

de espazos naturais protexidos. Entre os mesmos, en resposta á necesidade de dotar un réxime de protección específico para os humidais co fin de promover e contribuír a unha mellor conservación destes ecosistemas, atendendo á súa especial fraxilidade e valor dende o punto de vista ambiental, e sobre todo para aqueles humidais declarados como de Importancia Internacional segundo o Convenio de Ramsar (Irán), creábase na Lei 9/2001 a figura de Humidal Protexido (Táboa 8) dentro das categorías de Espazos Naturais Protexidos, integrándoos na Rede Galega de Espazos Protexidos.

O desenvolvemento desta figura se inicia a través do Decreto 110/2004, de 27 de maio (DOG 108, 07/06/2004), no que se estableceron os criterios caracterizadores dos humidais protexidos, as condicións para a súa delimitación, o procedemento de catalogación e declaración, ou o réxime de limitacións e prohibicións, entre outros aspectos esenciais. No tocante ás devanditas limitacións e prohibicións, sen prexuízo das normas específicas que se establezan nos correspondentes instrumentos de planificación dos humidais protexidos, prohibense unha serie de usos e actuacións (Táboa 9), que constituían a normativa básica de conservación e uso sostible desta figura de protección.

O Decreto 110/2004 declarará os primeiros Humidais Protexidos galegos (e os únicos ata a actualidade), correspondentes aos 5 Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar (Irán) que foran designados previamente dentro do territorio galego entre os anos 1989 e 1994: Ría de Ribadeo, Ría de Ortigueira e Ladrado, Lagoa e areal de Valdoviño, Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo e Complexo intermareal Umia - O Grove - A Lanzada. Os límites dos Humidais Protexidos no Decreto 110/2004 eran coincidentes cos establecidos no proceso da súa declaración como Humidal de Importancia Internacional de Ramsar. Nalgúns casos as cifras superficiais indicadas incluían pequenas modificacións (confrontar Táboa 6 coa Táboa 11) motivadas polo emprego no ano 2004 de Sistemas de Información Xeográfica (SIX) para o seu cálculo seguindo a descrición literal dos límites que aparecía indicada na documentación oficial que motivou a súa declaración como Ramsar.

O Decreto 110/2004 sería modificado polo Decreto 132/2005 (DOG nº 102, 30/05/2005), no que se rebaixaba a protección legal dos humidais derivada da Lei 22/1988 de Costas (BOE nº 181 de 29/07/1988) fronte a determinados tipos de actuacións humanas (construción de edificacións e outros usos residenciais, infraestruturas). Esta modificación determinaba a presentación dun conflito entre a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia que concluíu coa Sentenza 30/2007 da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anulou os apartados 2 e 3 do artigo único do Decreto 132/2005, ao considerar que estes preceptos «non

se axustan á orde constitucional de distribución de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, ao modificar a regulación do réxime do Dominio Público Marítimo-Terrestre que a lexislación estatal establece en materia de costas».

Coincidindo temporalmente coa aprobación do Decreto 132/2005, promovíase a adecuación técnica dos límites dos Humidais de Importancia Internacional de Galicia, o que supoñía a actualización das superficies abrangidas polos

mesmos. Nalgúns casos, como Ribadeo, Ortigueira ou O Grove, as modificacións corresponden ao emprego de metodoloxías e ferramentas dunha maior precisión, redefinindo os límites axustándoos a límites reais físicos do territorio, e por tanto afectando a superficies mínimas, tanto porcentualmente como en valor absoluto. Sen embargo, no caso de Corrubedo e Valdoviño existiron grandes diferenzas entre a superficie inicialmente designada e a correspondente á actualización da FIR (Táboa 6).

Lei 9/2001, de 27 de agosto, de conservación da natureza (DOG 171, 04/09/2001)

Artigo 14.-Humidal protexido

1. Entenderase por humidal protexido as extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña nas que a profundidade en marea baixa non exceda de seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais, e que sexan declaradas como tales.

Poderán comprender zonas ribeiregas, costeiras ou adxacentes, así como as illas ou extensións mariñas de profundidade superior ós seis metros en marea baixa cando estas se encontren dentro do humidal.

2. Nos humidais protexidos poderanse limita-los aproveitamentos dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificasen a súa declaración.

Táboa 8- Definición da figura de humidal protexido na Lei 9/2001.

Decreto 110/2004 , do 27 de maio, polo que se regulan os humidais protexidos (DOG nº 108, 07/06/2004).

Artigo 4º.-Limitacións e prohibicións

De conformidade co artigo 14.2º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, con carácter xeral e sen prexuízo das normas específicas establecidas no instrumento de planificación de cada humidal protexido, tanto no humidal como na súa zona periférica de protección, prohibense os seguintes usos e actuacións:

1. A introdución de especies de flora e fauna non autóctonas agás as especies hortofrutícolas e as de acuicultura que figuran nos plans de explotación de recursos mariños aprobados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, logo do informe favorable da Consellería de Medio Ambiente.
 2. As actividades que directa ou indirectamente poidan producir o desecamento ou a alteración hidrolóxica do humidal.
 3. As actividades, verteduras sólidas e líquidas de calquera natureza que afecten de forma negativa, directa ou indirectamente, a calidade das augas superficiais ou subterráneas que alimentan e manteñen o funcionamento do humidal.
 4. A modificación do réxime hidrolóxico e composición das augas, así como a alteración dos seus límites e medios ecolóxicos, fóra dos casos previstos nos instrumentos de planificación hidrolóxica aprobados.
 5. As modificacións da cubeta e das características morfolóxicas do humidal, o recheo do humidal con calquera tipo de material, así como a alteración topográfica da súa zona periférica de protección.
 6. A extracción de area, turba ou outro tipo de sedimentos.
 7. A construción de edificacións ou infraestruturas de calquera tipo, incluída a apertura de infraestruturas viarias.
 8. A utilización de produtos praguicidas, funxicidas ou fitocidas no humidal que lle poidan afectar, e que teña un grao de toxicidade que estea cualificado como de tóxico ou moi tóxico para as persoas e para as especies terrestres e acuícolas, de acordo co establecido na Regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas.
 9. A instalación de tendidos eléctricos, de telefonía, así como antenas de telefonía móbil.
 10. A emisión de rúidos que perturban ou incidan negativamente sobre a fauna.
 11. As queimas non autorizadas de todo tipo de vexetación que resulten incompatibles coa conservación do humidal.
 12. Calquera actividade deportiva ou recreativa non compatible co mantemento das funcións ou valores por que se teña declarado.
 13. Calquera outra actividade non recollida anteriormente que poida prexudicar significativamente a conservación do humidal.
2. Nos humidais protexidos poderanse limita-los aproveitamentos dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificasen a súa declaración.
-

Táboa 9- Definición da figura de humidal protexido no Decreto 110/2004.

No **Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo** existía unha discrepancia entre a superficie atribuída a este humidal na Resolución de 15 de marzo de 1993 (BOE nº 73, 26/03/1993), con 550 ha, coa consignada na Ficha Informativa Ramsar (FIR) inicial do ano 1992, de 996 ha. Atendendo á delimitación cartográfica e á descrición en letra dos seus límites no BOE, a área abranguida polo ámbito territorial do humidal debera sumar as 996 ha indicadas na FIR, xa que os seus límites correspondíanse co Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral (ENRPX) que xa fora declarado provisoriamente (Orde do 8 de xullo de 1991, DOG 143, 29/07/1991), derivado á súa vez do Espazo Natural designado nas Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento (NCSP) ao abeiro da normativa de planeamento (Orde de 3 de abril de 1991, DOG 72, 16/04/1991). Estas disposicións supoñían o paso previo para a súa declaración como Parque Natural do Complexo húmido de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, declarado no mesmo ano da designación do humidal de importancia internacional (Decreto 139/1992, DOG 113, 15/06/1992). Tanto na superficie do ENRPX, como das NCSP, como do Parque Natural, a superficie descrita por estes espazos sumaba as 996 ha que constaban na FIR do humidal Ramsar. A delimitación deste Humidal de Importancia Internacional será motivo de modificación na actualización da súa FIR en febreiro de 2006, pasando finalmente a constar unha superficie de 983,8 ha.

Máis problemática resultou a modificación plantexada para o humidal da **Lagoa e Areal de Valdoviño**. A superficie indicada na súa designación mediante o Consello de Ministros de 21 de febreiro de 1992 (Resolución de 15 de marzo de 1993, BOE nº 73, 26/03/1993) era de 255 ha, cifra que se incluía igualmente na FIR inicial, datada por Ramsar nos seus servidores como correspondente a 1992. Sen embargo, a descrición dos límites do espazo no BOE (Táboa 10) e máis na FIR, abrangúan unha área que trasladada a un plano 1:5.000 describía unha superficie moi superior, ascendendo a algo máis de 740 ha. Esta era a superficie consignada na cartografía dixital que a partires do ano 2001 se atopaba a libre descarga dende a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, mediante un arquivo vectorial dixital “shape”. Esta delimitación e

superficie serán coincidentes coas declaradas posteriormente no ano 2004 como Humidal Protexido no Decreto 110/2004 (Táboa 10). Parece por tanto que a cifra inicial de 255 ha consignadas no Consello de Ministros de 21 de febreiro de 1992 correspondía a un cálculo erróneo da superficie do humidal, e por conseguinte a superficie correcta, acorde coa descrición literal contida nos documentos oficiais, era de 740,70 ha.

O Humidal de Importancia Internacional Lagoa e Areal de Valdoviño vería modificados os seus límites mediante o Consello de Ministros de 16 de decembro de 2005 (Resolución de 17 de xaneiro de 2006, BOE 47, 24/02/2006). No devandito acordo anexábanse os novos límites sobre unha ortofotografía aérea de alta resolución, indicándose que no ano 1995 fora efectuada unha redefinición dos límites deste espazo, con motivo dunha corrección de erros na descrición dos mesmos en 1992, o que supoñía un “incremento” na superficie do espazo dende as 255 ha orixinais ata as 485,23 ha actuais. O criterio adoptado polo Consello de Ministros trasladábase á información da Ficha Informativa de Ramsar (FIR) do humidal da Lagoa e Areal de Valdoviño, elaborada no ano 2007.

A comparación entre as descricións e delimitacións xeográficas (Figura 4) establecidas para o límite inicial do Humidal de Importancia Internacional Lagoa e Areal de Valdoviño no Consello de Ministros de 21 de febreiro de 1992 (Resolución de 15 de marzo de 1993, BOE 73, 26/03/1993), e as modificacións introducidas no Consello de Ministros de 16 de decembro de 2005 (Resolución de 17 de xaneiro de 2006, BOE 47, 24/02/2006), devolve un balance negativo para a superficie abranguida polo espazo, xa que o humidal perdería unha superficie de 255,47 ha, pasando de 740,70 ha a 485,23 ha, o que representa unha perda do 34% da área protexida inicialmente. A realización dunha modificación de tal calibre, sen unha xustificación apoiada por criterios científicos ou técnicos, ven sendo denunciada por colectivos ambientalistas (Muñiz 2016), entendendo estas decisións como unha perda de calidade no ámbito xurídico de protección dos humidais protexidos en particular, e da biodiversidade galega en xeral.

Consello de Ministros de 21/02/1992 (Resolución de 15/03/1993, BOE 73, 26/03/1993)

Anexo

Lagoa e Areal de Valdoviño

Límites: Polo Norte dende a Punta Frouxeira ao longo do areal ou praia da Frouxeira, pola liña de costa ata a liña recta imaxinaria trazada dende a illa Percebeleira ata a estrada que dende a Porta do Sol, en Valdoviño, remata na praia. Seguindo por esta estrada ata a estrada de Ferrol a Cedeira, e por esta ata o seu cruce coa de Ferrol a Valdoviño ata Canto do Muro, polo camiño local de Frouxeira ata a Punta Frouxeira.

Táboa 10- Descrición dos límites do humidal da Lagoa e Areal de Valdoviño aprobados no Acordo do Consello de Ministros de 21 de febreiro de 1992 (BOE 73, 26/03/1993), incluídos na FIR de 1992 e que corresponden cos límites do Humidal Protexido aprobado no Decreto 110/2004.



Figura 4- Comparación da delimitación do Humidal de Importancia Internacional de Ramsar entre a súa designación inicial en 1992 e a modificación dos límites no ano 2005.

O criterio empregado para a modificación do Humidal de Importancia Internacional será tamén utilizado para modificar o ámbito territorial do Humidal Protexido. Como consecuencia da Sentenza 30/2007 da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (xa comentada en parágrafos anteriores), derogábase o Decreto 110/2004 (e consecuentemente o Decreto 132/2005 que o modificaba) para ser substituído polo Decreto 127/2008, de 5 de xuño (DOG nº 122, 25/06/2008), polo que se desenvolvía o réxime xurídico dos Humidais Protexidos e se creaba o Inventario dos Humidais de Galicia. Este novo Decreto volvía a incluír a declaración dos 5 Humidais Protexidos contemplados no Decreto 110/2004, mais as superficies eran modificadas, de xeito que foron axustadas ás incluídas nas FIR actualizadas de cadanseu humidal: Ría de Ribadeo (613,76 ha), Ría de Ortigueira e Ladrado (3.025,27 ha), Lagoa e areal de Valdoviño (485,23 ha). Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo (983,81 ha) e Complexo intermareal Umia-O Grove-A

Lanzada (2.600,58 ha). Isto motivaba, de xeito análogo ao ocorrido coa figura do Humidal de Importancia Internacional, unha perda de 255,47 ha no Humidal Protexido Lagoa e Areal de Valdoviño, entre a superficie declarada no Decreto 110/2004 e a incluída no Decreto 127/2008 (Táboa 11), é dicir, un 34% do ámbito protexido no primeiro.

O último Humidal de Importancia Internacional foi designado no ano 1994, é dicir, hai 23 anos. Dende o Decreto 110/2004, pasaron 13 anos nos que non foron engadidos novos Humidais Protexidos ao panorama dos espazos naturais protexidos galegos. A ausencia de novas designacións en Galicia contrasta coa política levada a cabo noutras Comunidades Autónomas, que neste mesmo período (2004-2016) aumentaron sensiblemente o seu ritmo de novas designacións de Humidais de Importancia Internacional de Ramsar (Táboa 12). Especialmente en Andalucía onde chegaron a acadar durante este período máis de 146.000 ha (un 1,7% do territorio continental),

Catalunya superou as 53.000 ha (o 1,6% da superficie terrestre) ou a Comunitat Valenciana acadou máis de 31.000 ha (o 1,4% da superficie continental), superando

amplamente a superficie designada e a porcentaxe continental representada en Galicia (7.671,6 ha, 0,3% do territorio continental).

Humidais Protexidos			
Espazo	Provincia	D 110/2004	D 127/2008
Ría de Ribadeo	Lugo	563,44 ha	613,76 ha
Ría de Ortigueira e Ladrado	A Coruña	2.985,28 ha	3.025,27 ha
Lagoa e areal de Valdoviño	A Coruña	740,70 ha	485,23 ha
Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo	A Coruña	982,90 ha	983,81 ha
Complexo internareal Umia-O Grove-A Lanzada	Pontevedra	2.476,72 ha	2.600,58 ha

Táboa 11- Superficies dos Humidais Protexidos en Galicia segundo os Decretos 110/2004 e 127/2008.

Comunidade Autónoma	1982 - 2003		2004 - 2016	
	nº	Superficie	nº	Superficie
Asturias	1/2	1.126,0 ha	1+1/2	2.579,6 ha
Andalucía	9	11.140,0 ha	25	146.066,4 ha
Aragón	2	6.882,0 ha	4	16.700,9 ha
Canarias	1	127,0 ha	1	127,0 ha
Cantabria	1	6.907,0 ha	1	6.678,9 ha
Castilla y León	2	3.161,0 ha	2	3.040,3 ha
Castilla-La Mancha	7	2.249,0 ha	8	10.341,9 ha
Catalunya	3	13.553,0 ha	4	53.669,1 ha
Comunidad de Madrid	-	----	1	487,6 ha
Comunidad Foral de Navarra	2	317,0 ha	2	315,8 ha
Comunitat Valenciana	6	10.678,0 ha	6	31.708,2 ha
Euskadi	6	1.715,0 ha	6	1.863,2 ha
Extremadura	2	7.378,0 ha	2	6.990,4 ha
Galicia	4+1/2	6.900,0 ha	4+1/2	7.671,6 ha
Illes Balears	2	3.340,0 ha	2	3.343,7 ha
La Rioja	-	----	1	86,1 ha
Región de Murcia	1	14.933,0 ha	3	15.186,6 ha
Total	50	90.406,0 ha	74	306.857,3 ha

Táboa 12- Número e superficies abrangidas polos Humidais de Importancia Internacional nas CCAA no período 1982-2003 e no período 2004-2016.

Estatus de protección dos humidais

O Plan Estratégico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020, aprobado en 2010 pola 10ª reunión da Conferencia das Partes no Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, pretende “deter a perda de diversidade biolóxica a fin de asegurar que, para 2020, os ecosistemas sexan resilientes e sigan fornecendo servizos esenciais, asegurando deste xeito a variedade da vida do planeta e contribuíndo ao benestar humano e á erradicación da pobreza” (CBD, 2010). O Plan Estratégico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020, inclúe as “Metas de Aichi”, un conxunto de obxectivos e medidas deseñadas en base a unha análise dos beneficios que a natureza brinda ao benestar humano e, polo tanto, transcenden a mera conservación da diversidade biolóxica. As Metas de Aichi presentan os elementos de conexión entre a biodiversidade e o desenvolvemento sustentable (CBD, 2010, IUCN, 2014).

O obxectivo estratéxico C das Metas de Aichi incide en: Mellorar a situación da diversidade biolóxica salvaguardando os ecosistemas, as especies e a diversidade xenética, a través de 3 metas. A primeira delas (Meta-13), fixa que para o 2020, polo menos o 17% das zonas terrestres e de augas continentais e o 10% das zonas mariñas e costeiras, especialmente aquelas de particular importancia para a diversidade biolóxica e os servizos dos ecosistemas, sexan conservadas por medio de sistemas de áreas protexidas administradas de maneira eficaz e equitativa, ecoloxicamente representativos e ben conectados e outras medidas de conservación eficaces baseadas en espazos, que se atopen integrados nas paisaxes terrestres e mariñas máis amplas. Galicia atópase moi afastada dos criterios establecidos pola Meta-13, mais esta situación albíscase igualmente gris en relación con outras das Metas de Aichi, especialmente por (CBD, 2010): Meta-5 vinculada coa perda do estado de conservación dos hábitats; Meta-7 vinculada

coa sostibilidade das actividades agrícolas e forestais; Meta-9 vinculada co control das especies exóticas prioritarias; Meta-12 vinculada coa conservación de especies ameazadas; Meta-15 vinculada co incremento da resiliencia dos ecosistemas e a contribución da diversidade biolóxica ás reservas de carbono.

No período 2001-2016 non se incrementa a superficie de humidais cun réxime de protección específico, xa que a pesar de que o ano 2004 se declaraban os primeiros humidais protexidos, como desenvolvemento da figura contemplada na Lei 9/2001, estes correspondían unicamente a Humidais de Importancia Internacional (Convenio de Ramsar), declarados previamente. De feito dende a última declaración efectuada no ano 1994 do Ramsar da Ria do Eo, ata a actualidade transcorreron 23 anos sen novas declaracións que supoñan un incremento efectivo da superficie de protección dos humidais.

No resto de figuras de espazos naturais protexidos tampouco se seguiu unha traxectoria distinta ás dos Humidais Protexidos. Mediante o Decreto 72/2004, do 2 de abril, declarábanse determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (DOG 69, 12/04/2004), dando definitivamente un figura de área protexida aos espazos galegos da Rede Natura 2000. Sen embargo, tras o Decreto 72/2004 o proceso de consolidación territorial se estancou durante anos, coa salvedade da única excepción coa declaración da ZEPA da Limia (Decreto 411/2009, DOG 230, 24/11/2009). Deste xeito, a superficie de Lugares de Importancia Comunitaria tras a aprobación da lista inicial da Rexión Mediterránea Atlántica (Decisión da Comisión 2004/813/CE, DOUE 29/12/2004) e Mediterránea (Decisión da Comisión 2006/613/CEE, DOUE 21/09/2006), mantívose invariable hasta a actualidade.

Nas dúas Decisións anteriores (2004/813/CE, 2006/613/CE) dispoñíase a necesidade de resolver a información relativa a determinados hábitats obxecto de Exame Científico, que afectaban no caso de España a determinados tipos de hábitats de turbeira, tanto nos territorios adscritos á Rexión Atlántica (7130* Turbeiras de cobertor) como a Rexión Mediterránea (7110* Turbeiras altas activas, 7140 Mires de transición). No caso do hábitat 4020* Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, considérase cunha representación insuficiente na proposta española. Máis dunha década despois, estas deficiencias aínda non foron solucionadas. O cumprimento de ambas as dúas decisións obrigaría a incrementar a superficie da Rede Natura 2000 de Galicia, así como doutros territorios do Norte da Península Ibérica, especialmente de Cantabria e Asturias, a fin de integrar áreas con presenza de turberas (7110*, 7130*, 7140) ou queirogais húmidos (4020*), que quedaron excluídas ata o momento.

Normas de xestión

No ano 2001 as normas de xestión dos humidais galegos quedaban circunscritas á normativa xeral da política de augas, costas e de medio ambiente. O único humidal que dispoñía dun instrumento de xestión era o Humidal de Importancia Internacional de Corrubedo, habida conta da súa coincidencia cos límites do Parque Natural, polo que eran de aplicación as disposicións establecidas no seu Plan de Ordenación dos Recursos Naturais. O primeiro Decreto de regulación dos Humidais Protexidos (Decreto 110/2004, modificado polo Decreto 132/2005), non resultou moi efectivo en canto á promoción da conservación e do uso racional dos humidais, máis aínda cando no seu articulado se establecía un procedemento case automático para excepcionalizar as escasas medidas de xestión que se contemplaban.

A situación verase modificada coa aprobación do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (DOG 62, 31/03/2014), cuxas medidas de xestión inciden sobre un gran número de humidais galegos, regulando os distintos tipos de usos e actividades (Ramil-Rego & Crecente Maseda, 2012). Posteriormente, aprobarase o Plan de Conservación do humidal da Lagoa da Frouxeira mediante o Decreto 30/2015, de 5 de febreiro (DOG 38, 25/02/2015), que non foi capaz de resolver o desequilibrio biolóxico que sofre este humidal.

O primeiro obxectivo da Directiva Marco da auga (DC 2000/60/CE do 23 de outubro de 2000, DOUE 22/12/2000), enfatiza sobre a necesidade de establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que: preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos (art.1,a). Estes aspectos dificilmente pódense alcanzar en Galicia a través dos actuais plans hidrolóxicos de concas intercomunitarias (Real Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, BOE 16, 19/01/2016) e intracomunitarias (Orde do 29 de xaneiro de 2016, DOG 33, 18/02/2016), nos que se parte dunha deficiente valoración dos compoñentes da biodiversidade relativa aos ecosistemas acuáticos e especialmente aos humidais.

Restauración e monitoraxe

Baixo o termo “Restauración” se adoita incluír en Galicia distintas accións que se realizan nos ecosistemas húmidos sen efectuar unha avaliación obxectiva e menos aínda un seguimento da eficiencia das mesmas, e especialmente do seu impacto sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.

De feito, é posible verificar que moitas destas accións xeraron unha afección negativa sobre o estado de conservación dos hábitats e das especies, ou o que é máis grave, sobre a propia integridade do humidal. Eliminando estas accións incoherentes, o cómputo de humidais restaurados en Galicia no período 2001-2016 resulta pouco significativo en canto a superficies de actuación, e en consecuencia moi afastado dos valores establecidos nas Metas de Aichi (CBD, 2010).

En canto ás labores de monitoraxe sobre os humidais o período 2001-2016 iníciase co desenvolvemento de distintos traballos de seguimentos tanto de especies como de hábitats, que responden a traballos programados e subvencionados polas administracións competentes, como os realizados por distintos grupos de investigación froito das convocatorias de I+D+i de ámbito europeo, estatal e autonómico. Estes traballos contribuíron substancialmente á mellora do coñecemento dos humidais, así como á adecuación de medidas de xestión concretas para estes ou os seus compoñentes. Un número importante de teses doutorais e artigos científicos evidencian a importancia e a calidade da labor realizada, como pode comprobarse nas distintas bases bibliográficas e documentais.

Nos últimos anos a situación sufriu un cambio substancial, que en gran medida vincúlase coa crise económica internacional e o recorte dos recursos en I+D+i. Por unhas ou outras causas as labores de monitoreo diminuíron, e nalgúns casos desapareceron. Perdeuse deste xeito a continuidade de rexistros ambientais que nalgúns casos tiñan máis de 15 ou 20 anos de antigüidade. De non corrixiarse esta situación ponse en risco o cumprimento dos obxectivos básicos nas políticas de conservación dos humidais, en canto non existen datos obxectivos para poder avaliar o seu estado de conservación en conxunto, e dos seus compoñentes por separado, así como da eficiencia das medidas xestión.

Estado de conservación dos humidais.

Incluímos aquí unha avaliación do estado de conservación dos humidais de Galicia (29 tipos) no período 2001-2016, realizada aplicando a metodoloxía que a Comisión Europea estableceu para a Rede Natura 2000, centrándonos nos tipos de hábitats de interese comunitario característicos dos distintos tipos de humidais naturais de Galicia (Ramil-Rego et al. 2003; 2008a,b; Ramil-Rego & Crecente Maseda, 2012). En cada un dos tipos de humidais valoráronse 4 factores: Superficie de ocupación (2001-2016), cambios na estrutura dos hábitats que conforman o humidal, alteracións da súa hidroloxía, e estado de conservación das especies características do humidal. Para cada un deles consignáronse distintos parámetros que se recollen na Táboa 13.

As distintas actividades que afectan negativamente ao estado de conservación dos humidais valoráronse seguindo a sistematización establecida no documento: Directrices para a vixilancia e avaliación do estado de conservación das especies ameazadas e de protección especial (CEPNB, 2012) que á súa vez deriva da Listaxe estandarizada da Comisión Europea (14/04/2010). Agrupando nesta publicación as afeccións en 4 clases (A.- Actividades do sector primario. B.- Actividades construtivas. C.- Contaminación. D.- Actividades de uso público), nas que se inclúen 4 tipos de actuacións.

Dos 29 tipos do Inventario de Humidais de Galicia (IHG) avaliados (Táboa 13), soamente 3 (10,35 %) teñen un estado de conservación “**Bo**”, entre os que se inclúen os hábitats subterráneos; Sistemas subterráneos mariños (3.1.1) e Humidais subterráneos continentais (3.2.1), así como as Augas mariñas permanentes (1.2.1). Cun estado de conservación “**Regular**” atópase un único hábitat (3,45%) que se corresponde aos Esteiros (1.3.1). O resto dos tipos de humidais teñen un estado de conservación “**Deficiente**” (25 tipos 86,20%).

Os tipos de humidais nun estado de conservación “**Deficiente**” poden subdividirse en tres categorías. Nun primeiro nivel pode diferenciarse o estado de conservación “**Malo**” representado en 8 tipos de humidais (27,58%), Sistemas areentos costeiros (1.2.3, 1.4.2), Bancos mareais de lama ou área (1.2.4, 1.3.2), Marismas e esteiros mareais (1.3.3), Meandros desconectados temporalmente (2.1.3), Matogueiras húmidas (2.4.2), Pantanos/esteiros permanentes (2.6.2.3). O seguinte estado de conservación é “**Moi malo**”, identificado en 11 tipos de humidais (37,93%): Marismas e esteiros mareais (1.2.5), Lagoas costeiras de auga doce (1.4.4), Sistema de illas terrixenas (2.1.1), Cordóns de illas árbore (2.1.2), Meandros desconectados temporalmente (2.1.3), Lagos permanentes de auga doce (2.2.1), Pantanos/esteiros estacionais (2.6.2.4), Turbeiras de cobertor (2.3.1), Turbeiras altas (2.3.2), Queirogais húmidos (2.4.1), Pantanos/esteiros arbustivos (2.6.2.2). E finalmente nun estado de conservación “**Crítico**” se inclúen 6 tipos de humidais (20,69%): Medios lacustres salobres/salgados (1.4.3), Lagoas (2.2.2), Charcas (2.2.3), Lagoas ou charcas temporais (2.2.4), Charcas e charcos estacionais (2.2.5) Humidais boscosos de auga doce (2.6.2.1),

As actuacións antrópicas que afectan de maneira moi negativa ao estado de conservación dos humidais vincúlanse maioritariamente con accións derivadas de actividades construtivas, así como daquelas vencelladas co sector primario. A execución das mesmas adoita provocar a destrución e perda de superficies de hábitats característicos de humidais, aínda que en ocasións tamén xeraron a eliminación completa do humidal. Así se perderon charcas permanentes dentro do ZEC Parga-Ladra-Támoga ao ser transformadas en terreos de cultivo. Situación similar aconteceu coa lagoa costeira da Praia da Ermida (ZEC Costa da Morte), desaparecida no transcurso dunhas obras de

restauración ambiental. Noutros casos, é posible atopar amplas superficies dos humidais que foron transformadas a plantacións forestais de especies exóticas ou á creación de

pasteiros artificiais, como se pode documentar en distintas áreas do ZEC Serra do Xistral, con afección a superficies de turbeiras de cobertor, turbeiras altas e queirogais húmidos.

Tipoloxía de Humidais			ECH				A				B				C				D			
IHG	R	Denominación	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
1.	--	Humidais mariños e costeiros																				
1.2.	--	Augas mariñas próximas á costa																				
1.2.1	B	Augas mariñas permanentes	-	-	-	+	+	-	-	-	-	-	-	-	+	●	-	-	-	-	-	-
1.2.3	E	Sistemas areentos costeiros	+	+	-	+	+	-	-	-	+	-	-	+	+	●	-	-	+	-	-	●
1.2.4	G	Bancos mareais de lama ou area	+	+	-	+	+	-	-	-	+	-	-	-	+	●	-	-	+	-	-	●
1.2.5	H	Marismas e esteiros mareais	+	+	-	●	+	+	+	-	+	-	-	-	+	●	+	+	+	+	+	●
1.3.	--	Esteiros e sistemas fluvio-mariños																				
1.3.1	F	Esteiros	+	-	-	+	+	-	-	-	+	-	-	-	+	●	+	-	+	-	-	●
1.3.2	G	Bancos mareais de lama ou área	+	+	-	+	+	-	-	-	+	-	-	-	+	●	+	-	+	-	-	●
1.3.3	H	Marismas e esteiros mareais	+	+	-	+	+	-	-	-	+	-	-	-	+	●	+	+	+	+	+	●
1.4.	--	Lagoas costeiras																				
1.4.2	E	Sistemas areentos costeiros	+	+	-	+	+	-	-	-	-	-	-	+	-	●	+	-	●	-	-	●
1.4.3	J	Medios lacustres salobres/salgados	●	+	●	●	+	+	+	-	-	-	-	+	+	●	+	+	●	+	+	●
1.4.4	K	Lagoas costeiras de auga doce	+	+	●	●	-	+	+	-	-	-	-	+	+	●	+	+	●	+	+	●
2.	--	Humidais continentais																				
2.1.	--	Ecosistemas de augas correntes																				
2.1.1	M	Sistema de illas terrixenas	+	●	+	+	-	+	+	-	-	-	-	+	+	●	+	-	●	-	+	●
2.1.2	M	Cordóns de illas árbore	●	●	●	-	-	+	+	-	+	-	-	-	+	●	-	-	●	-	-	-
2.1.3	M	Meandros desconectados temporalmente	+	●	+	-	-	+	-	-	-	-	-	-	-	●	+	-	-	-	-	-
2.1.4	M	Fervenzas e pozos.	+	+	+	-	-	+	-	-	-	-	-	-	+	●	-	-	●	-	-	-
2.2.	--	Ecosistemas lacustres continentais																				
2.2.1	O	Lagos permanentes de auga doce	-	-	●	●	-	-	-	-	-	-	-	-	+	●	●	+	●	-	-	●
2.2.2	Tp	Lagoas (superficie 8 -1 ha)	+	●	●	●	-	-	-	-	-	-	-	-	+	●	●	+	●	-	+	●
2.2.3	Ts	Charcas (< 1ha)	+	●	●	●	-	●	+	-	+	-	-	-	+	●	●	+	●	-	+	●
2.2.4	Ts	Lagoas ou charcas temporais	●	●	●	●	-	●	●	-	+	-	-	-	+	●	●	+	●	-	+	●
2.2.5	Ts	Charcas e charcos estacionais (pluviais)	●	●	●	+	-	●	●	-	+	-	-	-	+	●	●	+	●	-	+	●
2.3.	--	Turbeiras non arborizadas																				
2.3.1	U	Turbeiras de cobertor	●	●	+	+	-	●	●	●	●	-	●	●	-	●	●	●	-	-	+	-
2.3.2	U	Turbeiras altas	●	●	+	+	-	●	●	●	●	-	●	●	+	●	●	●	-	+	+	+
2.4.	--	Pantanos con vexetación arbustiva																				
2.4.1	W	Queirogais húmidos	●	●	+	+	-	●	●	●	●	-	●	●	-	●	●	●	-	+	+	+
2.4.2	W	Matogeiros húmidos	-	+	+	+	-	-	-	-	-	-	-	-	-	●	-	-	-	+	-	+
2.6.	--	Ecosistemas higrófilos																				
2.6.2.1	Xf	Humidais boscosos de auga doce	●	●	+	●	-	●	●	+	●	-	-	-	+	●	+	+	-	-	-	-
2.6.2.2	W	Pantanos/esteiros arbustivos	●	●	+	+	-	+	+	-	●	●	●	-	-	●	+	+	-	+	+	+
2.6.2.3	Tp	Pantanos/esteiros permanentes	-	+	+	+	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
2.6.2.4	Ts	Pantanos/esteiros estacionais	+	●	+	+	-	+	+	-	●	-	-	-	-	●	+	-	-	-	-	-

ECH - Estado de conservación dos hábitats. [1] Superficie de ocupación: Perda completa da superficie do humidal. Redución de superficie de hábitats característicos. Fragmentación. [2] Estrutura: Homoxeneización permanente da estrutura. Eliminación de elementos estruturais. Perda de micro-biotopos. Perturbacións periódicas ou episódicas da estrutura. [3] Hidroloxía: Modificación do hidroperíodo. Recheos, dragaxes, sustracción materiais do leito. Contaminación das augas. [4] Especies: Alteración, destrución de especies ameazadas. Eliminación mecánica da vexetación. Difusión ou expansión de especies alóctonas invasoras. Difusión ou expansión de especies cultivadas e arvenses sobre hábitats naturais. Afección non significativa ou non avaliable (-). Afección significativa (+). Afección moi significativa (●)

Factores que xeral a diminución do estado de conservación e a perda de biodiversidade dos humidais: (A) Actividades do sector primario. [A1] Actividade pesqueira-marisqueira. [A2] Actividade agrícola-gandeira. [A3] Actividade forestal. [A4] Actividade extr activa. (B) Actividades construtivas: [B1] Estradas e infraestruturas lineais. [B2] áreas industriais, comerciais ou de servizos. [B3] Instalacións de enerxía renovable (parques eólicos). [B4] Edificacións e construcións illadas. (C) Contaminación: [C1] Contaminación de orixe urbana - industrial. [C2] Contaminación difusa. [C3] Uso de munição de chumbo en humidais. [C4] Contaminación sonora. (D) Actividades de uso público: [D1] Presión sobre áreas ecoloxicamente sensibles. [D2] Recolección de compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, difusión accidental de invasoras. [D3] Circulación - aparcamento de vehículos sobre hábitats naturais - seminaturais. [D4] Presenza non controlada de mascotas (sen correa e bozo). Afección non significativa ou non avaliable (-). Afección significativa (+). Afección moi significativa (●)

Estado de conservación (ECH) dos humidais: **Crítico:** 4● 3● e 1+. **Moi malo:** = 2● 1● e =1+ 1● e 3+. **Malo:** 1● =3+. **Regular:** =2+; **Bó:** Resto de combinacións.

Táboa 13- Estado de conservación dos humidais de Galicia no período 2001-2016.

A instalación de parques eólicos tamén tivo un efecto moi negativo sobre os humidais de montaña, causando importantes perdas (Ferreiro da Costa et al. 2013) tanto en queirogais húmidos como sobre os ecosistemas de turbeira (turbeiras de cobertor, turbeiras altas), así como sobre medios lacunares. A ZEC Serra do Xistral volve destacar no computo destas perdas, aínda que as mesmas tamén poden detectarse noutros espazos da Rede Natura 2000. Os efectos negativos da instalación dos parques eólicos sobre os humidais de montaña de Galicia foron sinalados cando esta actividade irrompía con forza no noso territorio (Ramil-Rego & Ramil-Rego 1995, Izco & Ramil-Rego, 2001). Anos máis tarde non se pode dubidar do impacto xerado por este tipo de instalacións sobre as áreas de montaña, máis aínda cando as mesmas se realizan sobre áreas de gran valor ecolóxico, como distintos autores teñen destacado tanto para Galicia como para outros territorios de Europa (Gómez-Orellana et al. 2014a,b; Atienza et al. 2011; Copena & Simon, 2012; Fagúndez, 2008, Bright et al. 2006, 2009; Lindsay & Bragg, 2004; Pearce-Higgins et al. 2009).

A todas estas perdas de superficie de humidais, únense as causadas pola explotación de recursos do subsolo, destacando as explotacións de áridos sobre distintos humidais galegos, así como a explotación de turba existente nos Montes do Buío, destinada a ser empregada como substrato de xardinería.

As análises físico-químicas e microbiolóxicas realizadas en numerosos humidais de Galicia poñen en evidencia os problemas de tratamento tanto das augas residuais de carácter urbano-industrial, como as derivadas das explotacións gandeiras. A presenza recorrente de *Escherichia coli* e outros patóxenos de orixe fecal en humidais litorais e interiores, dificilmente pode ser asimilable a un estado ecolóxico favorable.

Sobre outros contaminantes químicos (antibióticos, fitocidas), carécese dunha información detallada que permita avaliar a súa incidencia sobre os humidais galegos. Pero en calquera caso non se debe minimizar a súa repercusión sobre os compoñentes da biodiversidade, especialmente das poboacións de anfibios. Máis frecuente é a presenza nos humidais galegos de restos de munición con chumbo. A súa tenza e uso nos humidais, aínda que é considerada como ilegal pola norma estatal, foi diluída na norma galega, evitando difundir entre os cazadores a prohibición que afecta a esta munición elaborada cun elemento tóxico.

Finalmente precisan ser comentadas as afeccións derivadas de actuacións de uso público desenvolvidas cun comportamento irrespetuoso cos valores do patrimonio natural e da biodiversidade, derivado da banalización dos espazos naturais como un mero reclamo turístico ou como un parque de atraccións. Esta formulación en moitas ocasións vese favorecida polas campañas institucionais de

promoción turística. O uso público irracional é causante do deterioro de hábitats e núcleos poboacionais de especies protexidas, especialmente da área litoral. Entre as accións máis frecuentes nos humidais galegos, cabería destacar a presenza habitual de mascotas sen correa e bozo que percorren con total liberdade áreas de cría ou de refuxio dos humidais, a circulación e estacionamento de vehículos sobre hábitats naturais e seminaturais, a recolección de compoñentes clave do patrimonio natural e da biodiversidade, ou a difusión accidental de especies exóticas invasoras.

Visibilidade e acceso á información

A elaboración do Inventario de Humidais de Galicia levou a creación no ano 2003 dunha páxina web específica que se mantivo ata o ano 2008, cando pasaba a integrarse no Sistema de Información Territorial da Biodiversidade de Galicia (SITEB). Neste servidor reuníase toda a información sobre o patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia, froito de varios proxectos de colaboración realizados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza e o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

A finais do ano 2016 deixaba de funcionar a páxina web do SITEB, e aínda que algunhas das capas territoriais desta aplicación poden ser consultadas dende outras aplicacións, non existe un enderezo web que permita acceder de forma directa á información sobre os humidais que integran o Inventario dos Humidais de Galicia.

O Inventario Español de Zonas Húmidas, IEZH (Real Decreto 435/2004, do 12 de marzo, polo que se regula o Inventario nacional de zonas húmidas. BOE 69, 12/04/2004), pode ser consultado a través da páxina web do Ministerio de Medio Ambiente. Na mesma aparece unha listaxe datada o 04/09/2014, na que se relacionan os 320 humidais que foron incorporados ao IEZH, que engloban unha superficie de 171.418 ha, repartida entre 6 Comunidades Autónomas. Na devandito listaxe non aparecen incluídos humidais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Propostas

A salvagarda dos humidais de Galicia necesita dun cambio de aptitude cara o patrimonio natural e a biodiversidade, abandonando as vellas políticas e actuacións insostibles herdadas dos vellos rexímenes predemocráticos. O Plan Estratéxico para a Diversidade Biolóxica 2011-2020 e as propias Metas de Aichi (CBD, 2010), constitúen un marco de acción eficaz para reformular para asegurar a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, e mellorar os beneficios que destes se derivan para as persoas. A anunciada modificación da vetusta Lei 9/2001 de Conservación da

Natureza, cuxo anteproxecto se atopa na actualidade sometido a información pública mediante o Anuncio de 13 de febreiro de 2017 (DOG nº 33, 16/02/2017), debería ser aproveitada para fortalecer estas novas formulacións e achegarnos ás políticas ambientais que imperan nos países desenvolvidos.

Humidal	Figura de protección actual	H Prtx	Ramsar
Braña do Boedo (Guitiriz)	----	●	
Brañas da Serra da Capelada	ZEC Costa Artabra	●	
Brañas da Serra de Neda – Alto do Fiuoco	---	●	
Brañas das Serras da Coriscada – Faladoira	---	●	
Brañas de Ancares (Cervantes-Navia)	ZEC Os Ancares – O Courel	●	
Brañas de Coto da Eira (Fornelos-Mondariz)	---	●	
Brañas de Fabás (Vilalba)	----	●	
Brañas de Mandeo (Aranga-Curtis)	----	●	
Brañas de Sada (Sada)	----	●	
Brañas do Bocelo (Toques)	ZEC Serra do Careón (+)	●	
Brañas do Suido (Pontevedra-Ourense)	----	●	●
Brañas dos Montes dos Cabaleiros (Cervo)	---	●	
Brañas e Lagoa de Alcaian (Coristanco)	----	●	
Brañas e Lagoa de Budiño (Porriño)	ZEC Gándaras de Budiño	●	
Brañas e lagoa do Pedroso (Begonte)	ZEC Parga-Ladra-Támoga (+)	●	
Brañas e turbeiras da Serra do Xistral	ZEC Serra do Xistral	●	●
Brañas e turbeiras da Serra da Queixa	ZEC Serra da Queixa	●	●
Brañas Verdes (Camariñas)	ZEC Costa da Morte (+)	●	
Cabo de Touriñan (Muxía)	ZEC Costa da Morte	●	
Costa de Traba-Soesto (Laxe)	ZEC Costa da Morte	●	
Encoro da Fervenza (Xallas)	----	●	
Enseada de Rosadoiro (Arteixo)	----	●	
Enseada de Vilamaior (Vilanova)	----	●	
Enseada e Marisma Baralobre (Miño)	----	●	
Enseada-Esteiro do Miñor (Nigran-Gondomar)	ZEC A Ramallosa (+)	●	
Esteiro do Anllóns (Ponteceso, Corme, Cabana)	ZEC Costa da Morte	●	
Esteiro do Eume (Pontedeume)	----	●	
Esteiro do Masma (Foz)	ZEC Ría de Foz – Masma	●	
Esteiro do Miño	ZEC Baixo Miño	●	●
Esteiro do Ouro (Foz)	----	●	
Esteiro do Tines (Outes)	ZEC Esteiro do Tambre (+)	●	
Esteiro do Sor – Ría do Barqueiro	----	●	●
Esteiro do Tambre	ZEC Esteiro do Tambre	●	
Esteiro e veigas do Ulla	ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza (+)	●	●
Esteiro río Grande – Enseada Camariñas	----	●	
Humidal de Barrañán (Arteixo)	----	●	
Humidal e Lagoa Baldaio (Carballo)	ZEC Costa da Morte	●	
Illa Coelleira (O Vicedo)	ZEC Costa da Mariña – Occidental	●	
Illas Sisargas (Malpica)	ZEC Costa da Morte	●	●
Lago artificial de As Pontes (As Pontes)	----	●	
Lago artificial de Cerceda (As Pontes)	----	●	
Lagoa de Caque (Castro de Rei)	----	●	
Lagoa de Doniños (Ferrol)	ZEC Costa Artabra	●	●
Lagoa de Fonmiña (A Pastoriza)	----	●	
Lagoa de Lucenza (Folgo do Courel)	ZEC Os Ancares – O Courel	●	●
Lagoas de Muro - Xuño (Porto do Son)	ZEC Complexo Humido Corrubedo	●	●
Lagoa de Pantín (Valdoviño)	ZEC Costa Artabra	●	
Lagoa de Sobrado dos Monxes (Sobrado)	----	●	
Lagoa de Xarfas (Muros)	ZEC Monte e Lagoa de Louro	●	●
Lagoa Sacra de Olives (Forcarei)	ZEC Brañas de Xestoso	●	
Lagoas da Terra Chá (Cospeito, Ollos)	ZEC Parga-Ladra-Támoga	●	●
Lagoas de Pena Trevinca (A Veiga-Carballeda-Viana)	ZEC Pena Trevinca	●	
Marismas de Camota – Caldebarcos	ZEC Camota – Monte Pindo	●	●
Parque Nacional das Illas Atlánticas	Parque Nacional Illas Atlánticas	●	●
Pozo da Ferida (Viveiro)	---	●	
Salinas de Vilaboa (Vilaboa)	ZEC Enseada San Simón	●	
Seimeira de Vieiros (Quiroga)	ZEC Os Ancares – O Courel	●	
Seimeira de Vilagocende (A Fonsagrada)	---	●	
Seimeira do Queixoiro (A Fosonsagrada)	---	●	
Seimeira do río Toxa (Silleda)	ZEC Ulla – Deza	●	

Táboa 14- Proposta de humidais que atendendo á súa importancia deberían ser designados como Humidais Protexidos [H Prtx], Humidais de Importancia Internacional [Ramsar]. (Humidal incluído parcialmente no espazo protexido [+]).

A modificación da Lei 9/2001 por si mesma non resulta suficiente para salvagardar o patrimonio natural e a biodiversidade dos humidais galegos. Entre as accións que deberían ser desenvolvidas con urxencia poden sinalarse varias. Nun primeiro termo, sería necesario outorgar un status específico de protección legal a humidais que na actualidade carecen do mesmo, activando para iso a figura de “Humidal Protexido”. Do mesmo xeito resulta igualmente necesario engadir determinados humidais galegos na Lista de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar. No presente documento se inclúe unha proposta (Táboa 14) daqueles humidais galegos que ao abeiro da súa importancia deberan ser declarados Humidais Protexidos, ou designados no listado de Humidais de Importancia Internacional de Ramsar. As iniciativas para a declaración de novos humidais en Galicia baixo as diferentes figuras para a súa protección existentes na actualidade, evidentemente deberían complementarse tanto con medidas de monitoraxe, restauración e vixilancia dos humidais, como coa aplicación efectiva do réxime sancionador e penal para quen contradecendo ás leis e outras disposicións de carácter xeral sobre o medio ambiente, realice actuacións nos humidais que afecten negativamente á súa integridade ecolóxica, ou ao estado de conservación dos hábitats e especies que os configuran.

Bibliografía

- Atienza, J.C., Martín Fierro, I., Infante, O., Valls, J. & Domínguez, J. (2011). Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). 115 pp. SEO/BirdLife. Madrid.
- Bright, J.A., Langston, R.W. & Anthony, S (2009). Mapped and written guidance in relation to birds and onshore wind energy development in England. RSPB Research Report No 35.
- Bright, J.A., Langston, R.W., Bullman, R., Evans, R.J., Gardner, S., Pearce-Higgins, J. & Wilson, E. (2006). Bird sensitivity map to provide locational guidance for onshore wind farms in Scotland. – RSPB Research Report No 20.
- CBD (2010). El Plan Estratégico para la Diversidad Biológica 2011-2020 y las Metas de Aichi para la Diversidad Biológica. Decisión adoptada por la X Conferencia de las Partes del Convenio sobre la Diversidad Biológica. Nagoya, Japón, 18–29 octubre 2010. UNEP/CBD/COP/DEC/X/2. 27 de octubre de 2010. 15 pp. UNO. New York.
- CEPNB (2012). Directrices para la vigilancia y evaluación del estado de conservación de las especies amenazadas y de protección especial. Comité de Flora y Fauna Silvestres de la Comisión Estatal para el Patrimonio Natural y la Biodiversidad (CEPNB). Aprobadas por la Comisión Estatal para el Patrimonio Natural y la Biodiversidad Madrid, 18/12/2012. Ministro de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Madrid.
- Cirujano, S.; Velayos, M.; Castilla, F. & Gil Pinilla, M. (1992). Criterios botánicos para la valoración de las lagunas y humedales españoles (Península Ibérica y las Islas Baleares). ICONA-CSIC. Madrid.
- Copena, D. & Simón, X. (2012). Energía eólica y Red Natura en Galicia: el caso de la Serra do Xistral. En: I Congreso Ibérico sobre energía eólica y conservación de la fauna. Jerez de la Frontera.
- Davies, C.E. & Moss, D. (2002). EUNIS Habitat Classification. 2001 Work Programme. Final Report. 108 pp. European Environment Agency. Huntingdon.
- Davies, C.E. & Moss, D. (2004). EUNIS Habitat Classification. Marine Habitat Types: Proposals for Revised Criteria, July 2004. Report to the European Topic Centre on Nature Protection and Biodiversity, European Environment Agency. July 2004.
- DGOH (1991). Estudio de las zonas húmedas de la España peninsular: Inventario y Tipificación. Dirección General de Obras Hidráulicas (DGOH). Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. Madrid.
- Fagúndez, J. (2008). Effects of wind farm construction and operation on mire and wet heath vegetation in the Monte Maior SCI, north-west Spain. – Mire and Peat 4 (2008/9), Article 02.
- Ferreiro da Costa, J., Ramil-Rego, P., Hinojo Sánchez, B., Cillero Castro, C., Rubinos Román, M., Gómez-Orellana, L. & Diaz Varela, R.A. (2013). Diagnóstico y Caracterización de los Brezales Húmedos (Nat-2000 4020*) de las Sierras Septentrionales de Galicia a partir de Criterios Científicos: Importancia para su Conservación. Recursos Rurais 9: 65-77.
- Gómez-Orellana, L., Rubinos Román, M., Cillero Castro, C., Hinojo Sánchez, B., Ramil-Rego, P. & Ferreiro da Costa, J. (2014a). Los humedales de Galicia como sumidero de carbono: evaluación, distribución y estado de conservación. Bol. R. Soc. Esp. Hist. Nat. Sec. Geol., 108: 19-26.
- Gómez-Orellana, L., Hinojo Sánchez, B., Rubinos Román, M., Ramil-Rego, P. Ferreiro da Costa, J. & Cillero Castro, C. (2014b). El sistema de turberas de la sierra de O Xistral como reservorio de carbono, valoración, estado de conservación y amenazas. Bol. R. Soc. Esp. Hist. Nat. Sec. Geol., 108: 5-17.

- IUCN (2014). Integrar las Metas de Biodiversidad de Aichi en los Objetivos de Desarrollo Sostenible. International Union for Conservation of Nature (IUCN). Serie Notas de Política: Objetivos de Desarrollo Sostenible – 1. Gland, Switzerland.
- Izco, J. & Ramil-Rego, P. (2001). Análisis y valoración de la Sierra de O Xistral: un modelo de aplicación de la Directiva Hábitat en Galicia. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 162 pp.
- Lindsay, R. & Bragg, O. (2004). Wind farms and blanket mires: The bog slide of 16th October 2003 at Derrybrien, Co. Galway, Ireland. School of Health and Biosciences, University of East London.
- MMA (1998). Estrategia Española para la Conservación y el uso Sostenible de la Diversidad Biológica. Secretaría General de Medio Ambiente. Dirección General de Conservación de la Naturaleza. Ministerio de Medio Ambiente (MMA). Madrid.
- MMA (1999). Plan Estratégico Español para la Conservación y el Uso Racional de los Humedales, en el marco de los ecosistemas acuáticos de que dependen. 95 pp. Ministerio de Medio Ambiente. (MMA). Madrid.
- Muñiz, A. (2016). A Lagoa da Frouxeira, en destrución. CERNA. 76: 14-17.
- Pearce-Higgins, J.W., Stephen, L., Langston, R.H.W, Baibrige, I.P. & Bullman, R. (2009). The distribution of breeding birds around upland wind farms. *Journal of Applied Ecology* 46: 1323-1331.
- Ramil-Rego, P. & Ramil-Rego, E. (Coord.). (1995). Valoración del patrimonio natural e histórico de las sierras septentrionales de Galicia. Grupo de Estudios Paleoambientales (G.E.P.) & Museo de Prehistoria y Arqueología de Villalba. (ISSN 84-88385-03-X). Vilalba. 214 pp.
- Ramil-Rego, P. & Domínguez Conde, J. (Coords.) (2006). A Lagoa de Cospeito. Historia e vida dun humidal chairego. Xunta de Galicia.
- Ramil-Rego, P. & Crecente Maseda, R. (Dir). (2012). Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Documento Técnico. X Vol. Xunta de Galicia – Universidade de Santiago (IBADER). Santiago de Compostela.
- Ramil-Rego, P.; Rodríguez Guitian, M.; Gomez-Orellana, L.; Munoz Sobrino, C. & Aira, M.J. (1996a). Caracterización paleoambiental de los complejos lacustres y humedales continentales de Galicia. En: P. Ramil-Rego, C. Fernandez Rodriguez & M.A. Rodríguez-Guitian (Coords.): Biogeografía Pleistocena-Holocena de la Península Iberica: 227-246. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- Ramil-Rego, P., Rodríguez Guitián, M.A. & Rodríguez-Oubiña, J. (1996b). Valoración de los humedales continentales del NW Ibérico: caracterización hidrológica, geomorfológica y vegetacional de las turberas de las Sierras Septentrionales de Galicia. En: A. Pérez Alberti & A. Martínez Cortizas (Coord.): Avances en la reconstrucción paleoambiental de las áreas de montaña lucenses. Monografías G.E.P. nº1: 166-187. Diputación Provincial de Lugo.
- Ramil-Rego, P., Rodríguez Guitián, M.A. & Muñoz Sobrino, C. (1996c). Distribución, génesis y caracterización botánica de las turberas ombrotóricas de Galicia. XII Bienal de la Real Sociedad Española de Historia Natural. Tomo extraordinario: 253-256.
- Ramil-Rego, P.; Izco, J.; Gómez-Orellana, L.; Alvite, R.; Cillero, C.; Domínguez Conde, J.; Muñoz Sobrino, C.; Rodríguez Guitian, M.A.; Romero Bujan, I. & Rubinos Roman, M. (2002). Humedales de Galicia. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- Ramil-Rego, P.; Izco Sevillano, J.; Rubinos Román, M.; Alvite Díaz, R.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Díaz Varela, R.; Muñoz Sobrino, C.; Pulgar Sañudo, I.; Martínez Sánchez, S.; Gómez-Orellana, L.; Pías González, M.; Romero Buján, M.I.; Otero Otero, E. & Cillero Castro, C. (2003). Inventario dos Humidais de Galicia. Memoria Técnica elaborada polo Laboratorio de Botánica e Bioxeografía da Universidade de Santiago de Compostela para a Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia. 467 pp.
- Ramil-Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008a). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader, 3. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.
- Ramil-Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Hinojo Sánchez, B.A.; Rodríguez, P.M.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Díaz Varela, R.A.; Martínez Sánchez, S. & Cillero Castro, C. (2008b). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Descripción e Valoración Territorial. Monografías do Ibader, 2. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.
- Ramsar (2006). Manual de la Convención de Ramsar: Guía a la Convención sobre los Humedales (Ramsar, Irán, 1971), 4a. edición. Gland (Suiza): Secretaría de la Convención de Ramsar. Gland (Suiza).
- Ramsar (1996). Ramsar Convention's first Strategic Plan 1997-2002. Resolution VI.14. 6th meeting of the Conference of the Contracting Parties (COP6). Brisbane.

Rodrigo Rodríguez Granjel; Raquel Juan Ovejero; María Jesús Iglesias Briones

Departamento de Ecología y Biología Animal, Universidade de Vigo, 36310 Vigo, España.
Teléfono: 986812584 Fax: 986812556.
e-mail: mbriones@uvigo.es

Diversidad edáfica en diferentes hábitats turbosos de la serra do Xistral

Resumen Las condiciones ambientales donde se establecen los ecosistemas de turbera (bajas temperaturas, aporte constante de humedad y acidez) condicionan la composición y estructura de sus comunidades vegetales y animales. De forma similar, las características funcionales de la vegetación (e.g. porte leñoso o herbáceo, estructura radicular, calidad y cantidad de hojarasca producida) determinan la degradabilidad de sus componentes y la capacidad para ser descompuestos por las comunidades heterotróficas; por ello es previsible que comunidades vegetales diferentes alberguen comunidades edáficas con una estructura y composición distinta. Sin embargo, muy pocos estudios han detectado la existencia de una relación directa entre ambas comunidades biocenóticas. Los estudios realizados en dos turberas cobertor y dos turberas altas de la Sierra do Xistral (Lugo) indican que si bien los cambios en la vegetación dominante no se corresponden con diferencias importantes en la composición de sus comunidades faunísticas (estando todas ellas dominadas por enquitreidos (oligoquetos) y ácaros oribátidos), la estructura de las mismas sí muestra importantes variaciones, con las mayores abundancias de enquitreidos registradas en los hábitats dominados por plantas vasculares, una mayor cantidad de ácaros en la turbera de *Molinia* y las larvas de díptero con una clara preferencia por el esfagnal.

Palabras clave microartrópodos, enquitreidos, mesofauna, turberas altas, turberas cobertor.

- Revenga C, Campbell I, Abell R, de Villiers P, Bryer M. 2005. Prospects for monitoring freshwater ecosystems towards the 2010 targets. *Philosophical Transactions of the Royal Society of London B Biological Sciences* 360: 397–413.
- Sahlén G. 1999. The impact of forestry on dragonfly diversity in central Sweden. *International Journal of Odonatology* 2: 177–186.
- Schindler DW. 1974. Eutrophication and recovery in experimental lakes: implications for lake management. *Science* 184: 897–899.
- Smith J, Samways MJ, Taylor S. 2007. Assessing riparian quality using two complementary sets of bioindicators. *Biodiversity and Conservation* 16: 2695–2713.
- Tansley AG. 1935. The use and abuse of vegetational concepts and terms. *Ecology* 16: 284–309.

Actuacións de restauración ambiental desenvolvidas por SGHN no complexo húmido Limia-Antela (Ourense, NW España)

Resumo Descríbese a importancia ambiental da lagoa de auga doce máis grande da península ibérica, a de Antela na Limia (Ourense), e os sucesivos intentos de desouagemento nos séculos XIX e XX ata a súa desaparición a partires de 1958. Saliéntanse os seus aínda grandes valores ambientais na actualidade e os traballos de recuperación de humidais relictos desenvolvidos ou en realización pola SGHN-Sección Antela cos fondos obtidos cunha campaña de micromecenazgo: a) restauración dun humidal de 1,3 ha nun predio mercado por SGHN na antiga veiga de Vilaseca; b) restauración de pequenos humidais (superficie conxunta de 3,7 ha) en sete predios do Banco de Terras de Galicia (BANTEGAL, Xunta de Galicia) alugados por un prazo de 30 anos por SGHN; e c) limpeza e restauración dun humidal de 16 ha na veiga comunal de Gomareites (que formaba parte da antiga lagoa de Antela) mediante un acordo de custodia compartida do territorio cun veciño para adicala a gandería extensiva de vacún de carne.

Palabras clave Desecación, Lagoa de Antela, recuperación de humidais, veigas

Abstract The environmental importance of the biggest freshwater lagoon of the Iberian Peninsula (Antela lagoon in A Limia, Ourense) is described, as well as the successive draining projects during the XIX and XX centuries until its disappearance in 1958. The still high environmental values of the Limia-Antela wetland complex are highlighted and the habitat restoration activities of the Antela Section of SGHN are reviewed. Thanks to a crowdfunding campaign the following projects are being executed: a) restoration of a 1.3 ha wetland in a terrain bought by SGHN in the Vilaseca floodplain; b) restoration of seven small wetlands (whole surface 3.7 ha) in terrains property of the Galician Earth Bank (BANTEGAL, Xunta de Galicia) that have been rented for 30 years by SGHN; and c) cleaning and recovery of a 16 ha wetland in the Gomareites floodplain (formerly part of the Antela lagoon) through a land stewardship agreement between SGHN and a cow stockbreeder from Gomareites village.

Key words Antela lagoon, floodplains, wetland drainage, wetland restoration

Introdución

Ata mediados do século XX, a chaira da Limia, coas súas aproximadamente 30.000 ha de superficie, era un grande complexo húmido no que sobresaía a lagoa de Antela, unha das maiores lagoas de auga doce da Península Ibérica que en anos de condicións hidrolóxicas normais tiña unhas 3.400-3.500 ha en invernia e unhas 1300-1400 ha en estiaxe.

Ademais de Antela, existía unha serie de veigas na contorna da propia lagoa e tamén nas chairas de asolagamento dos ríos Emisario de Antela, Limia, Fírbeda, Viduedo, Faramontaos, Nocelo, Trasmiras e da Veiga. Os humidais máis ou menos temporais das veigas totalizaban, aproximadamente, outras 3.700-4.200 ha nas invernías e 150-250 ha nas estiaxes, e estaban interconectados polos cursos fluviais meandriformes e rodeados por unha paisaxe agrosilvopastoral en mosaico.

Ao longo dos séculos a imaxe da Limia foi para moitos a que reflectiu o Canónigo Cardenal da catedral de Ourense Juan Manuel Bedoya (1831): *“A natureza deu á Limia todos os elementos para a súa riqueza e benestar... un solo pingüe e fértil, un temple morno e saudable... tantas vantaxes naturais reclaman altamente os auxilios da arte para remover o único obstáculo que hai séculos oponse á súa opulencia. Éste é o grande e pestilente charco da lagoa Antela, enemigo declarado da industria agrícola, da granxería pecuaria e da mesma humanidade... despiden vapores fétidos e mortíferos que vician o ambiente... inmundo, inútil e nocivo charco, xermen de podremia e mortandade... ha de ser tan adversa a sorte da Limia, que lle estea pechado para sempre o paso ós campos da súa felicidade pola triste auga de esa lagoa aborrecida?”*

Como consecuencia desta mentalidade os intentos ben documentados para desougar Antela, por parte de persoas e institucións, comezaron en 1765 cando a Real Academia de Agricultura de A Coruña analiza a posibilidade de desougar Antela con fins agrícolas (Martínez Barbeito, 1959). A seguinte iniciativa (1827-35) foi do Correxidor de Xinzo de Limia, Juan Toubes, quen atopou dificultades para financiar o seu proxecto de desaugamento de Antela, polo cal Bedoya (1831) laiouse de que no noso país *“escasean os xenios especuladores, e non abundan os capitais”*.

Pero deseguida comezou un interminable desfile de “xenios especuladores”: persoeiros “ilustres e exemplares”, como Justo Pelayo Cuesta e os irmáns Mugártegui, disfrazando a súa ambición como interese público; espabilados como Liberto Malagamba, cun quítate ti que me poño eu; visionarios como Toribio Iscar; colonialistas como John Stone e Richard Freeman, adicados no nome do progreso a saquear os recursos naturais noutros países; falsas marquesas como Carlota Partington. Todos ofrecéronse a libranos gratis do *“inmundo, inútil e nocivo charco, xermen de podremia e mortandade”* que era Antela segundo Bedoya (1831); eso sí, sempre a cambio de que o Estado lles regalase os terreos de propiedade pública que eles sanearían *“gratis”*. Todos mentiron exasgando as vantaxes e agachando os problemas da desecación. Todos fracasaron. Quizáis escaldados en cabeza allea, na primeira metade do século XX ninguén tentou aproveitar en Antela as moi xenerosas axudas públicas contempladas pola Lei Cambó para *“a desecación e saneamento de lagoas, marismas e terreos pantanosos ou asolagables”*.

Antela salvouse do voluntarismo de Toubes e Bedoya, da ambición desmedida dos que os seguiron tentando apropiarse dun ben público e, mesmo, da Lei Cambó pero, *“resultando indispensable, polo tanto, a actuación do Estado”*, Franco promulgou en 1956 a lei sobre saneamento e colonización de Antela que levou o desougar da lagoa. A práctica desaparición do complexo húmido Limia-Antela continuou ata mediados dos anos 90 coas sucesivas concentracións parcelarias e desecamento de humidais

relictos, por parte do IRYDA primeiro e da Xunta de Galicia despois.

No proceso de transformación hidrolóxica da Limia empregáronse tódolos tipos de obras considerados por Brookes (1985) para efectuar a canalización dos ríos:

A) Ensanchamento, profundización e rectificación da canle, deseñando dun río completamente diferente do inicial, en ocasións trasladado sobre o val nos ríos Limia, Faramontaos, Fírbeda, Nocado e Vidueiro, e sempre con maior pendente ó diminuí-la lonxitude percorrida polo río entre dous puntos.

B) Limpeza e dragado de canles, o que implica a extracción de area e o remexido dos arbustos, toros e calquera outro tipo de vexetación ou obstáculo existente na canle ou nas beiras que dificulte o paso das augas e o desaugue das enchentas, o que determinou unha diminución drástica da rugosidade da canle.

C) Construción de moutas de area ou estruturas lonxitudinais á canle, sobre todo no río Limia augas abaixo da confluencia do emisario de Antela, que aumentaron a súa altura e a súa capacidade durante as enchentas.

D) Estabilización das beiras no emisario de Antela e algúns dos canais secundarios.

Co obxectivo de maximizar a terra cultivable e ignorando a microtopografía da zona asolagable, construíuse unha rede de drenaxes moi estreitos e fondos, insuficiente para desougar as grandes enchentes invernales pero excesiva nas estiaxes ao impoñer un desmesurado descenso da capa freática, lonxe do alcance das raíces dos cultivos, que sofren un forte déficit hídrico nos solos moi areosos e con moi baixa capacidade de almacenamento das augas pluviais, característicos da chaira limiá.

Por outra banda, a desaparición da práctica totalidade das márxes ribeiregas, en xeral sepultadas por pistas e estradas da concentración parcelaria pero tamén invadidas pola agricultura, destruíu a interfase entre o medio terrestre e o acuático, deixando a éste indefenso fronte aos verquidos directos e a contaminación agrícola difusa, co conseguinte deterioro da calidade da auga facilitado, ademáis, pola reducida capacidade de amortecemento de impactos dos solos areosos e empobrecidos en materia orgánica da Limia.

Agás nos terreos da antiga lagoa, onde se plantaron sebes cortaventos (hoxe en boa parte destruídas e invadidas polos colindantes), a eliminación, mediante talas, rozas ou queimas, de casi toda a vexetación non cultivada, baixo o pretexto de aumentar a produtividade e facilitar a mecanización, conduciu a unha esteparización paisaxística e climática da Limia, pois a intensa deforestación eliminou os efectos moderadores da vexetación arbórea e arbustiva sobre o microclima, entre eles a diminución da velocidade do vento, a redución das perdas de auga por evapotranspiración dos solos e dos cultivos, o regulamento da escorrentía e a redución dos efectos das inundacións (Duchaufour, 1988; Hughes, 1980;

Brady, 1984), que contribúen a aumentar ata nun 15% a produtividade das colleitas nos campos que rodean.

Por outra banda, a explotación mineira dos potentes depósitos cuaternarios de area da Limia, escomenzada no ano 1972, acadou un importante desenvolvemento ao prohibirse a extracción de áridos na desembocadura do río Ulla. Na actualidade ocupa unha superficie de case 400 ha concentradas especialmente no concello de Sandiás, en menor medida no de Vilar de Santos e só puntualmente nos de Porqueira, Sarreaus e Xinzo de Limia, nos dous últimos sen actividade dende hai anos. Ata a actualidade, a extracción de area ten sido unha actividade industrial caótica, sen planificación económica, técnica nin ecolóxica e bordeando sempre a normativa legal vixente, cando non en flagrante alegalidade. A partires de 1992-93 comeza un proceso de regularización legal coa esixencia de estudos de impacto ambiental e planos de recuperación que, ata agora, son pouco máis que papel mollado. Con excepcións puntuais, as intervencións da Xunta de Galicia durante os últimos 15 anos para a restauración de areeiras abandonadas cedidas polos propietarios non conseguiron polo de agora resultados significativamente mellores que ós da simple naturalización espontánea.

A Limia hoxe: motivos para rendirse

Tras case dous séculos de intervencións humanas moi agresivas, na Limia danse hoxe nada menos que 17 das 28 causas de cambios ecolóxicos e alteracións contemplados no Plan Estratéxico Español sobre os humidais: a) alteración da estrutura física; b) dragado ou recheo para urbanización e industria; c) transformación para agricultura; d) construción de infraestruturas; e) verquidos de residuos sólidos e entullos; f) explotación mineira e extractiva; g) alteración da cantidade de auga por modificación da rede hidrográfica, extracción de augas para regadío, industria, consumo humano, cambios nos usos do solo na bacía, drenaxe, desouagemento, aterramento e fragmentación do humidal; h) alteración da calidade do auga por verquidos de residuos orgánicos gandeiros e augas residuais urbanas, e escorrentía de nutrientes e plaguicidas agrícolas; e i) alteración das comunidades biolóxicas por extracción mecánica excesiva de recursos minerais e introducción de especies exóticas.

O desouagemento da lagoa de Antela e as chairas de asolagamento na Limia provocou o maior episodio de extinción de especies dos últimos séculos en Galicia e decimou as poboacións doutras hoxe consideradas ameazadas en Galicia, España e, mesmo, a nivel mundial.

As figuras de protección de espazos e especies apenas contribuíron a mellorar a situación dos humidais relictos e as especies máis ameazadas. Ademais, a carencia dunha

estratexia de comunicación das oportunidades de desenvolvemento rural que ditas figuras ofrecen, agravou a oposición veciñal ás mesmas.

A Limia hoxe: motivos para mudar a situación

Aínda na actualidade, A Limia acubilla 2 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea (4020 Matogueiras húmidas atlánticas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*; 91E0 Bosques aluviais), a Zona de Especial Conservación Es 1130006 “Veiga de Ponteliñares”, a ZEPA Es 0000436 “A Limia”, parte da Reserva da Biosfera “Área de Allariz”, as maiores poboacións mundiais dunha especie de planta globalmente ameazada (*Eryngium viviparum*), dúas especies de plantas escasas a nivel peninsular (*Callitriche truncata* e *Isoetes velatum*), alomenos media ducia de especies de insectos endémicas da península ibérica, as poboacións galegas máis importantes de dous anfibios ameazados (*Pelobates cultripipes* e *Hyla molleri*), as principais poboacións galegas de 3 especies de aves en perigo de extinción (*Vanellus vanellus*, *Tetrax tetrax*, *Burhinus oedichnemus*) e importantes poboacións a nivel galego para dez especies de aves de conservación prioritaria.

Son, xa que logo, motivos de abondo para comezar a reparar os antigos erros e construír as bases dunha explotación sostible dos recursos naturais de A Limia que implica rexenerar a dinámica hidrolóxica e recuperar o mosaico de humidais, arboredos, agros e pasteiros. Como salientou Delmar Blasco, Secretario Xeral da Convención de Ramsar entre 1994 e 2001, “*Só falta que alguén con capacidade de liderazgo e aglutinación de vontades lance o proceso que devolva a Galicia e aos galegos, siquera en parte, os valores e funcións que se perderon cando se desoucou a lagoa de Antela*”.

Sección Antela, o grupo de traballo de SGHN en A Limia

Coincidindo co 40 aniversario da Convención de Ramsar e a celebración do Día Internacional dos Humidais, o 2 de febreiro de 2011 constitúese a Sección Antela de SGHN con dous obxectivos claros: A) coñecer, divulgar e protexer os valores naturais e tradicionais de A Limia, e buscar a posibilidade de potenciais, e B) compatibilizar a recuperación de humidais e zonas marxinais de A Limia coa explotación agro-gandeira sustentable, sen afeccións negativas aos sectores económicos produtivos.

Coa enorme bagaxe de máis de 35 anos de experiencia no estudo de A Limia, SGHN-Sección Antela estableceu catro requisitos fundamentais para as actuacións a desenvolver:

Que sexan socialmente aceptables e economicamente viables.

Que sexan hidrolóxicamente beneficiosas e contribúan á mellora, cualitativa e cuantitativa, do recurso auga.

Que promovan a restauración e recuperación de ríos e humidais degradados ou desaparecidos, sen afeccións negativas a sectores económicos produtivos.

Que contribúan á conservación ou á recuperación de hábitats e especies de flora e fauna de conservación prioritaria segundo as directivas da Unión Europea e os catálogos español e galego de especies ameazadas.

Pero en conservación de pouco serve todo o anterior se non se dispón dos recursos humanos e económicos para facer realidade as ideas e os plans. Ben conscientes de iso, coa inestimable axuda de moitos colaboradores na elaboración, ilustración, distribución e presentacións públicas, SGHN-Sección Antela púso en marcha unha campaña de micro-mecenazgo coa venda de “*Un conto de verdade!!! A historia de Antela contada por unha cegoña*” e diverso material asociado (marcapáxinas, lámina e calendario de peto), que se presentaron por primeira vez en Xinzo de Limia o 3 de xullo de 2011, celebrando así o Día Mundial do Medio Ambiente. Os recursos obtidos coa venda deses e outros materiais, xunto con diversas doazóns, permitiu poñer en marcha e manter ata a actualidade tres liñas de actuación, nalgúns casos interrelacionadas: adquisición de predios en zonas de interese, aluguer a longo prazo de predios con valor ambiental propiedade do BANTEGAL (Banco de Terras de Galicia, Xunta de Galicia) e acordos de custodia compartida do territorio en montes veciñais en mán común.

Adquisición de predios: “Humidal Antonio Villarino”

Entre dous intentos fallidos para mercar terreos noutras zonas de elevado valor ambiental, o 25-03-2013 SGHN-Sección Antela conseguiu nunha poxa pública a adxudicación dunha parcela de 12.780 m² de superficie propiedade do Patrimonio do Estado. Na súa adquisición investíronse todos os fondos recadados ata o momento coa venda do libriño solidario “*A historia de Antela contada por unha cegoña*” e coas doazóns recibidas para ese fin de socios e simpatizantes, os case un milleiro de BEÓNFEITORES (“neoloxismo” que xurde do cruzamento de beón, a planta máis embletmática da lagoa de Antela ou lago beón, con benfeitor, o que fai o ben); ademais foi precisa unha aportación complementaria de SGHN-Ourense.

A parcela atópase na paraxe “Escudeiro” da zona de concentración parcelaria de Trasmiras, colindante co sector surleste da ZEPA de A Limia e dentro da súa Zona Periférica de Protección. Antano formaba parte da ampla veiga de Vilaseca e Lodoselo, coa vexetación herbácea característica das chairas

de asolagamento temporais dos cursos fluviais limiaos e aproveitábase para gandería en extensivo. A raíz do encanamento dos pequenos cursos fluviais deste sector de A Limia e ao abandono do pastoreo logo da concentración parcelaria, o mato invadiu progresivamente a parcela ata cubrir algo máis da metade da súa superficie. Nas prospeccións realizadas pola SGHN-Antela non se atopou ningún hábitat de interese ou conservación prioritaria segundo a Directiva 92/43/CEE. Ademais de retazos da vexetación herbácea característica das veigas, a parcela estaba cuberta por unha xesteira-toxeira dominada por *Cytisus* spp., *Ulex europaeus* e *Ulex minor*, con exemplares illados de *Calluna vulgaris*. Ao longo da canle de desouagemento que constitúe o lindeiro N da parcela, e illadamente nas zonas máis enchoupadas, había algúns pes de *Salix* spp. e *Frangula alnus* de pouco porte. Non se detectou a presenza actual de ningunha especie de flora incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas ou nos Libros Vermellos estatais pero si un gran valor potencial para un bo número delas.

O obxectivo estivo claro dende o principio: aproveitar a potencialidade da parcela, recuperándoa como humidal temporal para favorecer a conservación de ata unha decena de especies de flora e fauna raras ou ameazadas en Galicia, demostrando que é posible e necesaria a convivencia entre conservación ambiental e produción agrícola en A Limia.

Pero a poxa pública foi tan só o primeiro paso nun longo proceso administrativo de dous anos. O 19-07-2013 asinouse o “Documento Administrativo de Enaxenación” formalizando así a adquisición da parcela. Celebrando o Día das Aves, o 05-10-2013 SGHN-Antela presentou *in situ* o proxecto “restauración dunha parcela desougada na antiga veiga de Vilaseca para a recuperación de especies ameazadas” e, co traballo entusiasta dunha vintena de voluntarios, comezou xa mesmo a desbrozar o mato que invadira a parcela para o cal non se precisaba autorización administrativa. Un mes despois, o 4 de novembro, presentouse diante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) a solicitude de permiso para desenvolver o proxecto de recuperación, elaborado por tres biólogos e dous naturalistas de SGHN; para o asesoramento e a supervisión das actuacións contábase ademais co apoio de expertos galegos de recoñecido prestixio en arqueoloxía, botánica, ecoloxía, herpetoloxía, ornitoloxía e xeoloxía. Tras unha espera de nove meses, aproveitados polos voluntarios de SGHN para rematar o desbroce da parcela, o 12-08-2014 recíbese a autorización da CMATI para desenvolver o proxecto e comézanse as xestións co Concello de Trasmiras que, unha vez recibidos os informes preceptivos dos servizos de urbanismo e medio rural da Xunta, outorgou unha licenza para movementos de terras o 19-03-2015. Pagadas as correspondentes taxas, quedou expédito o camiño para escomezar a parte fundamental do proxecto que, nunha zona especialmente refractaria a calquera iniciativa de conservación ambiental e forte oposición ás súas figuras de protección (LIC, ZEPA, Reserva

Biosfera), pretende demostrar que é posible, e necesario, a recuperación de humidais desaparecidos e especies ameazadas cun enfoque global e integrador:

Prestando atención a toda a biodiversidade (flora, invertebrados, peixes, hérpets e aves).

De modo compatible coa explotación agrícola e gandeira sostenible.

Xestionando os restos de desbroces sen recorrer ao uso do lume, na provincia con máis incendios de toda España.

Con actuacións de “doble beneficio” ambiental na que os áridos extraídos para restaurar parcialmente un antigo humidal reciclaranse co mesmo fin nunha antiga explotación areeira.

SGHN-Antela elixiu esta parcela tendo en conta que nos retazos que aínda subsisten da antiga veiga de Vilaseca hai un pequeno núcleo reprodutor de conícoras ou avefrías (*Vanellus*

vanellus) que mantén nos últimos anos unha poboación de 3-5 parellas, cifra cativa pero que representa ao redor da cuarta parte dos efectivos reprodutores en Galicia. En base á información científica recollida en experiencias semellantes levadas a cabo no Reino Unido, Suecia e outros países europeos (Berg et al., 2002; Grevilliot & Muller, 2002; Youngs, 2005; Smart et al., 2006; Eglington et al., 2008, 2010), a finalidade do proxecto é revertir a degradación sufrida por desougamento e roturación nesta parte do sector SE do antigo complexo húmido Limia-Antela, en área colindante coa ZEPA da Limia, proporcionando as condicións óptimas de cría para *Vanellus vanellus* co fin de consolidar e incrementar o seu núcleo reprodutor na zona. Tendo en conta esa mesma información científica, as actuacións previstas proporcionarían tamén un hábitat óptimo de cría para o bilurico patirrubio *Tringa totanus*, especie extinta como reprodutora en Galicia dende que criou por última vez en A Limia en 1978 (Villarino et al., 2002).



Parcela e Veiga de Vilaseca, ano 1955.



Parcela e Veiga de Vilaseca, ano 2010.

Pero, ademais de favorecer ás conícoras, a execución do proxecto podería facilitar a recolonización natural da zona por outras oito especies de flora e fauna ameazadas que foron fortemente afectadas polos procesos de desouagemento e transformación agraria de zonas húmidas: *Eryngium viviparum*, *Gasterosteus gymnurus*, *Pelobates cultripes*, *Hyla*

molleri, *Lacerta schreiberi*, *Gallinago gallinago*, *Numenius arquata* e *Himantopus himantopus* (véxanse Bensetiti et al., 2002; Galán et al., 2010; Lansdown, 2011, Márquez, 2002; Romero et al., 2004; Tejado & Reques, 2002). Aínda que non está catalogada malia súa rareza na península ibérica, tamén se podería beneficiar o invertebrado *Lepidurus apus*.



Parcela de Villaseca, simulacion antes-despois.



Desbroce da parcela.



Excavación da parcela.



Canles excavadas (2015-04-19).

Dende un punto de vista hidrolóxico, as actuacións alíñanse coas medidas para acadar un bó estado ecolóxico das masas de auga na chaira limiá previstas no Plan Hidrolóxico vixente (BOE, 2013: Real Decreto 285/2013) pois contribuirán modestamente (pola limitada superficie da parcela) a mellorar a cantidade e calidade das augas superficiais ao laminar as enchentes e diminuír a contaminación agrícola difusa.

Os obxectivos específicos do proxecto son recuperar terreos hoxe desougados como humidais temporais, adecuar superficie para prolongar o período de asolagamento outono-primaveral coincidindo co ciclo biolóxico das especies citadas, manexar o habitat para favorecer a implantación das especies obxectivo e crear un promontorio para observación e divulgación ambiental.

As actuacións desenvolvidas ata agora son o desbroce selectivo do mato que invadira uns 8.000 m² do predio despois do desougamento da zona e o abandono da gandería extensiva. Fronte ao modelo de xestión mediante queima destes residuos imperante en Galicia (máis de 300.000 permisos de queima anuais), como exemplo demostrativo dunha alternativa de xestión o material cedeuse a veciños para empregala como cama para o gando ou como enmenda agrícola. Tamén se rozou a vexetación herbácea para facilitar a súa rexeneración e conservación.

Está executado xa un 85-90% dos movementos de terras previstos para excavar 700 m lineais de “neo-cauces” meandriformes, pouco fondos e estacionais, cunha sección trapezoidal variable con 5-7 m de largura na rasante actual do terreo, 2 m de largura no leito, profundidade máxima de 70-80 cm (semellante á das gabias da pista colindante) e pendente menor do 30% nas beiras. Tendo en conta as condicións hidrolóxicas actuais do predio, dito deseño proporcionará condicións axeitadas para a cría exitosa de *Vanellus vanellus* e *Tringa totanus*, o mantemento de *Hyla*

molleri así como para a posta de *Pelobates cultripes*, a colonización por *Lepidurus apus* e *Gasterosteus gymnurus*, a ocupación/cría de *Gallinago gallinago*, *Numenius arquata* e *Himantopus himantopus* e unha hipotética recolonización por *Eryngium viviparum*. Está previsto realizar o resto da excavación en outono de 2015, construír un montículo-observatorio duns 50 m² cunha pequena parte dos áridos extraídos e adicar a meirande parte dos mesmos a reperfilado con criterios ecolóxicos os noiros actualmente verticais dunha antiga explotación de áridos sita a 19 km de distancia que ocupou unha parcela propiedade do Banco de Terras-Xunta de Galicia no concello de Vilar de Santos, solicitada en aluguer por 30 anos por SGHN. Consegúrese así un dobre beneficio ambiental ao adecuar os noiros da antiga areneira para facilitar a súa colonización pola flora e fauna acuáticas gracias aos áridos extraídos co mesmo fin na parcela propiedade de SGHN.

Aluguer de predios do BANTEGAL

En abril de 2012, SGHN-Antela solicitou en aluguer para adicalos a fins ambientais 51 predios de masas comúns sobrantes do proceso de concentración parcelaria e propiedade do Banco de Terras de Galicia (BANTEGAL, Consellería do Medio Rural), repartidos polos concellos de Porqueira, Sandiás, Vilar de Santos e Xunqueira de Ambía e cunha superficie conxunta de 39,92 ha. En outubro de 2012, solicitáronse outros 47 predios nos concellos anteriores e nos de Sarreaus, Vilar de Barrio e Xinzo de Limia, que totalizan outras 17,72 ha. Finalmente en novembro de 2014 solicitáronse 4 predios no concello de Trasmiras, cunha superficie conxunta de 3,96 ha. Globalmente, os 102 predios suman un total de 44,08 ha e teñen superficies moi dispares: entre 200 m² e 2,57 ha, cun promedio de algo menos de media hectárea.



Areira alugada por SGHN.



Areira solicitada en aluguer por SGHN.

Os predios solicitados por SGHN-Antela levaban entre 4 e 7 anos no BANTEGAL sen terse solicitado para usos produtivos e, ata agora, só un denegouse por concorrer a petición dunha agricultora colindante. Estes feitos amosan con claridade que os predios solicitados por SGHN-Antela son marxinais para a agricultura e gandería e o seu principal interese é ambiental. Unha cuarta parte dos predios e un terzo da superficie total son humidais estacionais ou permanentes, a meirande parte deles naturais (antigos meandros, marxes fluviais, veigas asolagables, marxes da antiga lagoa de Antela), pero tamén hai media ducia artificiais orixinados pola extracción de áridos. Os restantes predios teñen xeralmente interese polas árbores maduras que aínda conservan ou pola súa situación estratéxica.

Na actualidade SGHN-Antela ten 34 predios concedidos e con contrato de aluguer asinado por un ano prorrogable a 30, cunha superficie de 13,66 ha. Sete deles, que suman 3,67 ha, son total ou parcialmente asolagables, de xeito estacional ou permanente. As actuacións desenvolvidas neles son ata agora a localización e “visibilización” dos marcos para evitar que os predios sexan invadidos ou usurpados (problema que afecta ao 27% dos predios do BANTEGAL na Limia), retirada de lixo, control manual do mato que comeza a invadir algunhas zonas de interese como humidal, perfilado de noiros de aqueles afectados pola extracción de áridos e creación ou recuperación de humidais someiros tendo en conta os requirimentos das especies ameazadas detectadas en cada un deles.

Custodia compartida do territorio na veiga comunal de Gomareite

A veiga de Gomareite constituía unha boa parte do bordo norleste da antiga lagoa de Antela; permanecía asolagada durante a época de augas altas na lagoa e convertíase nun pasteiro muy húmido, aproveitado extensivamente polo gando, durante as estiaxes. A situación mudou drásticamente tras a desaparición de Antela, como consecuencia do desougamento e o progresivo abandono da gandería extensiva que facilitaron a colonización polo mato.

Durante a posterior fase de concentración parcelaria, como en tantos outros lugares da Limia marxinais para a agricultura, parte do terreo comunal converteuse primeiro nun vertedoiro de pedras dos antigos muros entre predios e ao carón de camiños, así como de tocóns e outros restos xerados durante a “concentración-deforestación” parcelaria. Consecuencia dese pésimo exemplo durante a realización dunha obra pola administración pública, outras partes do comunal dexeneraron nun vertedoiro incontrolado de todo tipo de entullos e refugallos que ameazaba con cubrir todo o comunal non explotado para agricultura. Como a execución da concentración parcelaria distou moito de ser correcta, amplas zonas do comunal aproveitáronse para extraer a capa de terra



Voluntarios na limpeza da Veiga comunal de Gomareite.



Veiga comunal de Gomareite antes da limpeza.



Veiga comunal de Gomareite despois da limpeza.

vexetal que se empregou en nivelar os ocós e irregularidades do terreo nos predios de reemprazo que recibiron os agricultores. A extracción de terra vexetal, e puntualmente dos áridos do subsolo, reverteu parcialmente as consecuencias do desougamento de Antela nesta zona ao xerar zonas de humidal estacional pouco profundas e de noiros suaves, favorables para a colonización por diversas especies de flora e fauna ameazada.

Nestas circunstancias e nunha data especialmente simbólica (o día mundial do medio ambiente de 2014), un gandeiro de Gomareite que arrendou 16 ha non cultivadas do comunal para adicalas a gandería de vacún en extensivo e SGHN-Antela chegaron a un magnífico acordo de custodia compartida nesa zona que por sorte conserva, ou recuperou, parte do seu extraordinario valor ambiental. Froito dese acordo, SGHN está a axudar ao gandeiro no desbroce do mato e na retirada dos residuos alí vertidos durante tantos anos. Ata agora retiráronse, e entregáronse a xestores autorizados, máis de 30 m³ de residuos de todo tipo, priorizando as actuacións nas zonas asolagables, as rutas de acceso do gando e os residuos máis perigosos para o gando (vidros rotos, puntas e outros obxectos cortantes) e non biodegradables. Aos desbroces manuais feitos polo entusiastas voluntarios de SGHN nas zonas con entullos, onde non poden actuar os tractores, únense os realizados polo gandeiro e pola comunidade de montes cunha subvención. Queda aínda moito traballo por facer pero hoxe hai xa 8 ha en boas condicións para diversas especies ameazadas como *Eryngium viviparum*, *Lepidurus apus*, *Gasterosteus gymnurus*, *Pelobates cultripes*, *Hyla molleri*, *Lacerta schreiberi*, *Gallinago gallinago*, *Vanellus vanellus*, *Numenius arquata* ou *Charadrius dubius*.

Bibliografía

Bedoya, J.M. (1831). Memoria sobre el desagüe de la Laguna de Antela ó de la Limia, en la provincia y obispado de Orense, reino de Galicia. Orense, diciembre de 1831, oficina de D. Juan María de Pazos.

Bensetiti, F., Gaudillat, V., Malengreu, D. & Queré, E. (2002). *Eryngium viviparum* Le panicaut nain vivipare. En: Cahiers d'habitats. Natura 2000. Connaissance et gestion des habitats et des espèces d'intérêt communautaire. Tome 6. Espèces végétales. Museum National d'Histoire Naturelle. Paris, 270 páx.

Berg, A., Jonsson, M., Lindberg, T. & Kallebrink, K.G. (2002). Population dynamics and reproduction of Northern Lapwings *Vanellus vanellus* in a meadow restoration area in central Sweden. *Ibis* 144:131-140.

Brady, N.C. (1984). The nature and properties of soils. Ed. MacMillan Publishing, New York.

Brookes, A. (1992). Recovery and restoration of some engineered British river channels. En: Boon, P.J., Calow, P. & Petts, G.E. (Eds). River conservation and management. J. Wiley & Sons, Chichester. páx. 337-352.

BOE (2013). Real Decreto 285/2013, de 19 de abril, por el que se aprueba el Plan Hidrológico de la parte española de la Demarcación Hidrográfica del Miño-Sil. BOE (Boletín Oficial del Estado), nº 95, 20/04/2013. Madrid, España.

Duchaufour, P. (1988). Abregé de Pedologie. Ed. Masson, Paris.

Eglington, S.M., Gill, J.A., Bolton, M., Smart, M.A., Sutherland, W.J. & Watkinson, A.R. (2008). Restoration of wet features for breeding waders on lowland grassland. *Journal of Applied Ecology* 45:305-314.

Eglington, S.M., Bolton, M., Smart, M.A., Sutherland, W.J., Watkinson, A.R. & Gill, J.A. (2010). Managing water levels on wet grasslands to improve foraging conditions for breeding northern lapwing *Vanellus vanellus*. *Journal of Applied Ecology* 47:451-458.

Grevilliot, F. & Muller, S. (2002). Grassland ecotopes of the upper Meuse as references for habitats and biodiversity restoration: A synthesis. *Landscape Ecology* 17:19-33.

Galán, P., Cabana, M. & Ferreiro, R. (2010). Estado de conservación de *Pelobates cultripes* en Galicia. *Boletín de la Asociación Herpetológica Española* 21:1-10.

Hughes H.A. (1980) *Conservation farming*. Ed. Deere and Company, Moline (Illinois).

Lansdown, R. (2011). *Eryngium viviparum*. En: IUCN 2011. IUCN Red List of Threatened Species. Version 2011.2. <www.iucnredlist.org>.

Márquez, R. (2002). *Hyla arborea* (Linnaeus, 1758). Ranita de San Antón. En: Pleguezuelos, J.M., Márquez, R. y Lizana, M. (Eds.). Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española. Madrid, páx. 94-96.

Martínez Barbeito, C. (1959). Un antiguo proyecto de desagüe de la laguna Antela. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense* 19:139-156.

Rico Boquete, E. (2008). Liberales y emprendedores, los proyectos de desecación de la laguna de Antela (A Limia, Ourense), 1827-1874. En: Axeitos, X.L., Grandío, E. e Villares, R. (Ed.) A Patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández. Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela, páx. 841-866.

Romero, M.I., Ramil-Rego, P. & Rubinos, M. (2004). Conservation status of *Eryngium viviparum* Gay. *Acta Botanica Gallica* 151:55-64.

- Smart, J., Gill, J.A., Sutherland, W.J. & Watkinson, A.R. (2006). Grassland-breeding waders: identifying key habitat requirements for management. *Journal of Applied Ecology* 43:454-463.
- Tejedo, M. & Reques, R. (2002). *Pelobates cultripes* (Cuvier, 1829). Sapo de espuelas. En: Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España (Pleguezuelos, J.M., Márquez, R. y Lizana, M., eds). Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española. Madrid. Páx. 94-96.
- Villarino, A., González, S. & Bárcena, F. (2002). Vertebrados da Limia: dende a lagoa de Antela ós nosos días. I. Aves: Gaviiformes a Piciformes. Limaia Edicións, Sandiás. 302 pax.
- Youngs, T. (2005). Wet grassland practical manual: breeding waders. RSPB. 23 páx.

Patricia María Rodríguez-González

Centro de Estudos Florestais, Instituto Superior de Agronomia, Universidade de Lisboa.
Edifício Azevedo Gomes, Instituto Superior de Agronomia, Tapada da Ajuda, 1349-017, Lisboa, Portugal.
e-mail: patri@isa.ulisboa.pt

Los bosques higrófilos en la fachada ibero atlántica: diversidad y conservación en la transición hacia la aridez

Resumen Este capítulo aborda algunos aspectos sobre el origen, historia paleoecológica, patrones de diversidad y estructura, factores ambientales determinantes, funcionamiento ecológico y conservación de los bosques higrófilos de la fachada atlántica ibérica. Se analizaron los factores ambientales determinantes de la variabilidad florística en la transición desde el clima templado hacia el mediterráneo. Se examinó el efecto de la interacción entre los factores edáficos y las variables hidrológicas en los modos de regeneración, patrones de crecimiento y productividad de las principales especies arbóreas. La mayor parte de estos bosques están dominados por *Alnus glutinosa* (aliso) y *Salix atrocinerea* (sauce), con varios grados de dominancia intermedia. Los factores hidromorfológicos ejercieron una mayor influencia que los climáticos en la explicación de la variación florística latitudinal en los bosques higrófilos, apartándose de los patrones establecidos para la vegetación terrestre. Las diferencias observadas en el funcionamiento ecológico de alisedas y saucedas estuvieron determinadas fundamentalmente por las características de su hidropereodo (frecuencia, intensidad). La duración del encharcamiento parece favorecer una estrategia de persistencia en los árboles mediante la dominancia de regeneración vegetativa y portes más arbustivos. Tanto la recuperación del hidropereodo natural de los bosques higrófilos como el mantenimiento de un mosaico espacial suficientemente diverso de condiciones hidrológicas resultan ser cruciales para la preservación de la integridad de estos frágiles ecosistemas ante un escenario futuro de creciente presión antrópica e incerteza climática.

Palabras clave bosque pantanoso, comunidades vegetales, conservación de la biodiversidad, funcionamiento ecológico, Península Ibérica.

Abstract This chapter contains a description of the origin, paleoecological history, plant diversity and structure patterns, environmental drivers, ecological functioning and conservation issues of freshwater wetland woods along the Atlantic coastal belt of the Iberian Peninsula. The determinant environmental factors of floristic variability along the transition from Temperate to Mediterranean climate are analysed. The interaction between edaphic and hydrological variables in the regeneration modes, growth and productivity of the main tree species are examined. Most forests are dominated by *Alnus glutinosa* and *Salix atrocinerea*, with transitional phases in between. Hydromorphological factors have a higher contribution than climatic in the explanation of latitudinal variation, contrary to main terrestrial vegetation patterns. Periodicity and intensity of water flow resulted determinant for the differences in ecological functioning between alder and willow woods. Duration of waterlogging seems to promote a persistence strategy in trees by the dominance of shrubbiness and vegetative regeneration. The recovery of natural hydroperiod and the maintenance of a sufficiently-developed mosaic of hydrological conditions is a major driver underlying natural community dynamics and appears crucial for the preservation of wetland woods integrity in times of increasing climatic uncertainties and human pressures.

Key words swamp forest, carr, biodiversity conservation, ecological functioning, Iberian Peninsula.

Introducción

Las formaciones arbóreas que se desarrollan sobre humedales continentales se denominan bosques higrófilos.

El término “higrófilo” ha sido utilizado con varios significados, por ejemplo, según (Font i Quer 1982), se aplica en general a las especies y comunidades propias de medios muy húmedos. Los bosques higrófilos han sido

situados dentro de los ecosistemas semiterrestres, es decir, donde el crecimiento vegetal está condicionado por la existencia de una anomalía hídrica positiva del terreno de suficiente tamaño y duración como para poseer comunidades biológicas diferentes de las de su entorno y diferentes de las comunidades de los ecosistemas lacustres y fluviales (Ramil Rego et al. 1996). A efectos del presente trabajo, los bosques higrófilos son entendidos, en un sentido amplio, como todas aquellas formaciones arbóreas que se desarrollan en suelos sujetos a inundación periódica, encharcamiento o drenaje impedido, a semejanza de los wetland woods irlandeses (Kelly & Iremonger 1997; Cross & Kelly 2003) (Figura 1). Serían, por tanto, áreas naturalmente inundables que albergan una proporción significativa de vegetación leñosa adaptada a suelos poco oxigenados o saturados (Lugo 1990).

Los bosques higrófilos pueden ocupar diferentes posiciones dentro de la cuenca hidrográfica presentando mayor o menor conexión con la red fluvial, lo que implica diferentes relaciones con el ambiente geomorfológico y con la dinámica hídrica regional (Brinson & Malvárez 2002). El agua en estos ecosistemas puede tener diferentes orígenes: alimentación por vía subterránea (acuíferos profundos), freática (acuíferos subsuperficiales), superficial (medios en que las condiciones geomorfológicas favorecen la acumulación de agua) o mixta (Brown et al. 1995; Williams 1998). Aunque presenten diferentes grados de conexión con la red fluvial, los bosques higrófilos presentan un régimen hidrológico predominantemente léntico (de aguas retenidas), frente a los bosques de ribera asociados a medios lóticos (de aguas corrientes). Los bosques higrófilos en la fachada atlántica ibérica aparecen en el paisaje en terrenos bajos, aplanados o en declives donde la infiltración es impedida debido al tipo de suelo o a la ausencia de energía potencial suficiente para permitir la infiltración de agua. Las áreas de depresión contribuyen a retardar la liberación de agua estabilizando su almacenamiento (Kangas 1990).

La clasificación de humedales de Ramsar distingue entre bosques asociados a turberas (*forested peatlands*; turberas arboladas), donde el sustrato es principalmente orgánico y bosques higrófilos sobre sustratos inorgánicos, que incluye tres categorías; (*freshwater swamp forests, seasonally flooded forests, wooded swamps on inorganic soils*) (Ramsar 2009). Según esta clasificación, dentro de los bosques higrófilos estarían incluidos los bosques pantanosos de agua dulce, los bosques inundados estacionalmente y los pantanos arbolados sobre sustratos inorgánicos (Ramil Rego 2002). Las turberas arboladas se desarrollan sobre sustratos predominantemente turbosos donde la descomposición de materia orgánica se encuentra limitada por las condiciones anaeróbicas del suelo permanentemente saturado de agua y corresponden con la denominación británica *carr*. De esta forma la duración de la inundación favorece la acumulación

de restos vegetales que forma la turba (Ramil Rego et al. 1996). En la fachada atlántica ibérica pueden encontrarse algunos ejemplos de estos tipos de bosques en las cuencas hidrográficas del Miño/Minho, Limia/Lima, Tajo/Tejo y Sado (Rodríguez-González 2009). A diferencia de las turberas arboladas, el resto de subtipos de bosques higrófilos considerados en la clasificación de Ramsar se desarrollan sobre sustratos inorgánicos, como ocurre con la mayor parte de los bosques higrófilos en la fachada atlántica ibérica. Los bosques inundados estacionalmente corresponden casi siempre a formaciones que se sitúan en las llanuras de inundación de los ríos, donde la influencia fluvial regula no solo el nivel de encharcamiento invernal sino también el mantenimiento del nivel freático (Ramil Rego 2002). Los otros dos subtipos de bosques higrófilos (bosques pantanosos de agua dulce y pantanos arbolados sobre sustratos inorgánicos) corresponden a la denominación americana *freshwater swamps* y son aquellos que mantienen una lámina de agua en superficie fuera de la época de lluvias (Mitsch & Gosselink 2015).

Formación y evolución histórica

Formación y distribución en la fachada atlántica ibérica

En la fachada atlántica, los bosques higrófilos aparecen frecuentemente en posición de fondo de valle, en depresiones sedimentarias o asociados a lagunas vestibulares, situadas en el tramo final del cauce fluvial o asociados a aguas de origen superficial o subterránea (Ramil-Rego et al. 1995; Queiroz 1999; Mateus & Queiroz 2000).

La formación de los bosques higrófilos de fondo de valle se produce en valles donde el agua procedente de las partes altas no se evacúa con la suficiente rapidez aunque exista una red de drenaje perfectamente establecida, dando así lugar a áreas hidromorfas. Se trata de lugares de topografía aplanada, debida a la existencia de rellenos sedimentarios de origen variado, donde pueden confluir tanto aguas corrientes jerarquizadas de la red hidrográfica como aportes de circulación freática (Ramil-Rego et al. 1995). Por otra parte, las áreas de piedemonte de las sierras atlánticas han funcionado como lugares de recepción de los materiales erosionados y transportados desde los sectores culminantes durante diferentes etapas geológicas (Cretácico, Terciario, Cuaternario), originándose depósitos detríticos con abundantes niveles arcillosos impermeables. En estos depósitos, la combinación de un relieve aplanado con la existencia de materiales impermeables, responsables por una reducida infiltración de aguas superficiales y del afloramiento de la capa freática, llevan a la formación de humedales de depresión sedimentaria o gándaras (Ramil-Rego et al. 1995). Entre estos humedales, es posible todavía



Figura 1. Ejemplos de bosques higrófilos de la fachada atlántica ibérica. De arriba abajo y de izquierda a derecha: Aliseda sobre sustrato inorgánico (Caxarias, Portugal); Saucedas sobre sustrato turboso (Alpiarça, Portugal); Saucedas vestibular (LIC Costa Artabra, Doniños, A Coruña); Bosque higrófilo en surgencia karstica (LIC Parga-Ladra-Támoga, Vilalba, Lugo); Saucedas higrófila con inundación estacional, aspecto invernal (LIC Paul de Madriz, Portugal); Fresneda higrófila, aspecto estival (Arroyo de la Rocina, Parque Nacional de Doñana).

encontrar algunos ejemplos con una extensión considerable en los valles del río Miño/Minho y Limia/Lima. En estas cuencas sedimentarias, formadas en el Cenozoico, las áreas mejor conservadas se caracterizan por el predominio de formaciones arbóreas constituidas por un mosaico de diferentes tipos de bosques higrófilos alternando con formaciones herbáceas desarrollándose entre los cauces fluviales (Ramil Rego 2002). Los bosques higrófilos asociados a lagunas vestibulares aparecen frecuentemente en una posición marginal al sistema lagunar, bloqueado por un cordón dunar litoral (Ramil Rego et al. 1996; Queiroz 1999). En Galicia, dentro de esta categoría se encuentran los bosques higrófilos situados en las localidades de Pantín y Doniños, dentro del Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Costa Ártabra, en la Provincia de A Coruña. Finalmente, los bosques higrófilos cuya dinámica depende principalmente de aguas de origen subterránea aparecen frecuentemente asociados a fenómenos de hidrotermalismo o formaciones kársticas (Ramil Rego et al. 1996). Algunos ejemplos de este tipo de bosques higrófilos se encuentran en varios enclaves de la Reserva de la Biosfera Terras do Miño en la Terra Chá de la Provincia de Lugo, por ejemplo los llamados Ollos de Begonte.

Al descender en latitud, el aumento de la relación evapotranspiración/precipitación resulta progresivamente más adverso para el mantenimiento de humedales de largo hidropereodo (Queiroz 1999; Kroes & Brinson 2004). El periodo estival sin lluvias hace secar numerosos humedales e impide la acumulación de sedimentos orgánicos debido a la rápida descomposición de la materia orgánica por oxidación. De este modo, la existencia de humedales con hidropereodos prolongados en áreas meridionales de la Península Ibérica es naturalmente más reducida y esta frecuentemente asociada a condiciones de reducida infiltración (Queiroz 1999). Por ejemplo, en la cuenca del Río Sado (Portugal), el sustrato impermeable de la formación de areniscas de Marateca favorece la retención de agua en las capas arenosas que se encuentran en contacto con la superficie, permitiendo la formación de ambientes palustres (Neto 2002). La conexión con los acuíferos y la alimentación por agua subterránea constituyen elementos indispensables para el mantenimiento del nivel freático estival de muchos de los bosques higrófilos meridionales (Manzano et al. 2002). Por ejemplo, el arroyo de la Rocina funciona como área de descarga del sistema acuífero Plio-cuaternario de Doñana, manteniendo durante todo el año el nivel de agua superficial del suelo, donde se desarrolla una densa fresneda y saucedada higrófila (Manzano et al. 2005).

Evolución: historia paleoecológica

Los bosques higrófilos tienen una larga historia ambiental en el marco de la fachada atlántica ibérica. Aunque las primeras etapas de esta evolución sean relativamente poco

